

Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible

Concello de Negreira



Pacto de las Alcaldías
para el Clima y la Energía
EUROPA

Novembro 2021



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



ÍNDICE

ÍNDICE DE ILUSTRACIONES.....	3
ÍNDICE DE TÁBOAS.....	5
1 CONTEXTO.....	7
1.1 O pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía	7
1.2 Antecedentes	7
1.3 O Concello de Negreira	11
2 PROCESO DE PARTICIPACIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PACES.....	14
2.1 Descrición e resultados de participación interna	14
2.2 Descrición e resultados da participación cidadá	19
3 COMPROMISO, OBXECTIVOS E ESTRATEXIA DO CONCELLO DE NEGREIRA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO COMO ASINANTE DO PACTO DAS ALCALDÍAS	24
3.1 Compromiso.....	24
3.2 Obxectivos do Concello.....	25
3.3 Estratexia para a consecución dos obxectivos	25
4 INVENTARIO DE EMISIÓN DE REFERENCIA (IER).....	26
4.1 Consumos enerxéticos e emisións.....	26
4.2 Detalle dos consumos das instalación xestionadas polo Concello de Negreira	31
4.3 Obxectivos.....	33
5 MEDIDAS DE MITIGACIÓN	34
5.1 Plan de Acción.....	36
5.2 Ámbitos, liñas estratéxicas e liñas sectoriais de actuación	37
5.3 Medidas/Accións PACES	42
6 ANÁLISE DE RISCOS E VULNERABILIDADES FRONTE AO CAMBIO CLIMÁTICO	92
6.1 Metodoloxía.....	93
6.2 Análise exploratoria (histórico)	93
6.3 Análise das anomalías climáticas.....	97
6.4 Proxeccións climáticas	100
6.5 Análise de variables climáticas	103
6.6 Análise de anomalías	111
6.7 Identificación de perigos climáticos e principais conclusións da análise das proxeccións climáticas	113
6.8 Sistema de puntuación dos riscos	115
6.9 Principais conclusións da análise de risco no Concello de Negreira	134
7 MEDIDAS DE ADAPTACIÓN	136
ANEXOS.....	142
ANEXO 1: Respostas da enquisa cidadá.....	143

Índice de Ilustracións

Ilustración 1 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).....	10
Ilustración 2 Distribución das parroquias no Concello de Negreira	12
Ilustración 3 Evolución da poboación no Concello de Negreira	13
Ilustración 4 Ferramentas empregadas no proceso	14
Ilustración 5 Obxectivos e compromisos de cara ao ano 2030, ordenados de máis e menos relevancia para a corporación municipal do Concello de Negreira, de acordo coa información recollida mediante as enquisas	17
Ilustración 6 Perigos climáticos ordenados polo grado de preocupación para a corporación municipal de acordo coa información recollida nas enquisas	18
Ilustración 7 Segmentos de poboación co nivel de preocupación para a corporación municipal de acordo coa información recollida nas enquisas.....	19
Ilustración 8 Ligazón á enquisa na páxina web do Concello de Negreira	20
Ilustración 9 Enquisa PACES á veciñanza	20
Ilustración 10 Distribución por grupos de idade das persoas que responderon á enquisa	21
Ilustración 11 Distribución por xénero das persoas que responderon á enquisa	21
Ilustración 12 Distribución por situación laboral das persoas que responderon á enquisa....	22
Ilustración 13 Consumos de enerxía MWh no Concello de Negreira: Total e %	28
Ilustración 14 Emisións de gases de efecto invernadoiro por sectores no Concello de Negreira Emisións de CO ₂ (t) / emisións de eq. de CO ₂ (t): total.....	30
Ilustración 15 Consumo enerxético por sectores do Concello de Negreira (kWh/ano)	31
Ilustración 16 Consumos por fonte de enerxía no Concello de Negreira	32
Ilustración 17 Evolución histórica T. máxima.....	94
Ilustración 18 Evolución histórica T. mínima	95
Ilustración 19 Eventos extremos.....	96
Ilustración 20 Evolución precipitación mensual (L/m2).....	96
Ilustración 21 Anomalías da T. máxima	98
Ilustración 22 Anomalías na temperatura máxima respecto ao período de referencia. Fonte: Estratexia Galega de Cambio Climático	98
Ilustración 23 Anomalías da T. mínima.....	99
Ilustración 24 Anomalías precipitación	99
Ilustración 25 Anomalías precipitación EGCC	100
Ilustración 26 Gráfica escenarios RCP 4.5 e 8.5	102

Ilustración 27 Evolución da temperatura mínima nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5	103
Ilustración 28 Evolución da temperatura máxima nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5	104
Ilustración 29 Evolución do número de días cálidos por ano nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5.....	105
Ilustración 30 Evolución do número de noites cálidas nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5.....	105
Ilustración 31 Evolución do número de días con temperaturas por debaixo de 0 °C nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5	106
Ilustración 32 Evolución do número de días con temperaturas mínimas por riba de 20 °C nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5	107
Ilustración 33 Evolución da duración das vagas de calor nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5.....	108
Ilustración 34 Evolución da precipitación media mensual nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5.....	108
Ilustración 35 Evolución da precipitación máxima en 24 horas nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5.....	110
Ilustración 36 Evolución do número de días con precipitación inferior a 1mm nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5	110
Ilustración 37 Anomalía da temperatura máxima media anual para os escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5	111
Ilustración 38 Anomalía da temperatura mínima media anual para os escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5.....	112
Ilustración 39 Anomalía da precipitación media mensual para os escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5.....	113

Índice de Táboas

Táboa 1 Datos poboacionais do Concello de Negreira (Fonte: IGE, 2020)	13
Táboa 2 Consumo de enerxía por sectores no Concello de Negreira	27
Táboa 3 Emisións de gases de efecto invernadoiro por sectores no Concello de Negreira	29
Táboa 4 Consumos por tipo de instalación no Concello de Negreira	31
Táboa 5 Consumos por fonte de enerxía no Concello de Negreira	32
Táboa 6 Medidas de mitigación	35
Táboa 7 Características de cada unha das vinte e dúas medidas de mitigación	45
Táboa 8 Resumo das medidas de mitigación	91
Táboa 9 Escenarios das traxectorias de concentración representativas establecidas polo IPCC	101
Táboa 10 Cambios nas variables climáticas no período 2005-2100 con respecto ao período de referencia (1971-2000) no escenario RCP 4.5.....	114
Táboa 11 Cambios nas variables climáticas no período 2005-2100 con respecto ao período de referencia (1971-2000) no escenario RCP 8.5.....	114
Táboa 12 Perfil de riscos climáticos do Concello de Negreira, elaborado pola Oficina Técnica do Pacto das Alcaldías	116
Táboa 13 Información recadada para a selección de indicadores para avaliar os riscos asociados aos perigos climáticos	119
Táboa 14 Indicadores de impacto para o sector das edificacións	120
Táboa 15 Indicadores de impacto para o sector do transporte	120
Táboa 16 Indicadores de impacto para o sector da industria.....	121
Táboa 17 Indicadores de impacto para o sector da enerxía	122
Táboa 18 Indicadores de impacto para o sector da auga	123
Táboa 19 Indicadores de impacto para o sector dos residuos	123
Táboa 20 Indicadores de impacto para o sector do urbanismo e planificación	124
Táboa 21 Indicadores de impacto para o sector da agricultura e silvicultura	125
Táboa 22 Indicadores de impacto para o sector do medio ambiente e biodiversidade	125
Táboa 23 Indicadores de impacto para o sector da saúde	126
Táboa 24 Indicadores de impacto para o sector de protección civil e emerxencias	127
Táboa 25 Indicadores de impacto para o sector do turismo	127
Táboa 26 Equivalencia entre os niveis de risco indicados no perfil climático elaborado pola Oficina Técnica do Pacto das Alcaldías e o valor de impacto empregado neste estudo.....	128

Táboa 27 Matriz de impactos.....	129
Táboa 28 Matriz de probabilidades	129
Táboa 29 Matriz de riscos	129
Táboa 30 Indicadores de adaptación	131
Táboa 31 Matriz de adaptación	132
Táboa 32 Matriz de vulnerabilidades.....	132
Táboa 33 Matriz de riscos para a poboación	133
Táboa 34 Resumos das medidas de adaptación	141

1 CONTEXTO

1.1 O pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía

O Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía é nunha iniciativa europea que naceu no ano 2008, á que se suman voluntariamente gobernos locais e rexionais. Estes gobernos comparten o compromiso de cumprir cuns determinados obxectivos en materia de clima e enerxía, comúns a todos os asinantes do Pacto das Alcaldías a nivel mundial.

Esta iniciativa inclúe na actualidade máis de 10.000 autoridades locais e rexionais de 60 países que aproveitan os puntos fortes dun movemento que involucra a múltiples actores e conta co apoio técnico e metodolóxico de oficinas específicas.

Os gobernos asinantes do Pacto comparten unha visión común para 2050: acelerar a descarbonización dos seus territorios, fortalecer a súa capacidade para adaptarse aos impactos ineludibles do cambio climático e conseguir que a súa cidadanía teña acceso a unha enerxía segura, sostible e economicamente accesible.

Mediante a súa sinatura, as cidades asinantes comprométese a actuar para contribuír a cumprir co obxectivo europeo de redución dos gases de efecto invernadoiro nun 40% para 2030 e a adoptar un enfoque común para o impulso da mitigación e a adaptación ao cambio climático en todo o seu territorio.

Para traducir o seu compromiso político, os gobernos adheridos ao Pacto comprométese a presentar, nos dous anos seguintes á data da decisión do seu consello local, un Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) no que se recollan as accións clave que se pretenden acometer. O Plan incluírá un Inventario de Emisións de Referencia (IER) para realizar o seguimento das accións de mitigación e unha Avaliación dos Riscos e Vulnerabilidades Climáticas. A estratexia de adaptación pode formar parte do PACES ou elaborarse e incorporarse nun documento de planificación independente.

1.2 Antecedentes

O termo Cume, *summit* en inglés, emprégase en xeral para referirse ás conferencias internacionais nas que participan Xefes e Xefas de Estado e de Goberno. Os Cumes climáticos son reunións organizadas pola ONU onde as distintas delegacións intentan chegar a acordos globais para diminuír as súas emisións. Serven para crear unha nova estrutura institucional para a protección do medio ambiente e a promoción do desenvolvemento.

A orixe destes cumes sobre o cambio climático corresponde ao científico estadounidense Charles Kelling (1928-2005) quen fixo as primeiras medicións de dióxido de carbono (CO₂) en 1958 en Mauna Loa, Observatorio Astronómico situado na cima dun volcán inactivo de Hawai. As revelacións de Kelling, impactaron naquela altura, xa que daquela, a comunidade científica consideraba que os océanos e a vexetación eran capaces de absorber todos os gases que se producían no planeta. Os prognósticos de Kelling confirmaríanse na seguinte década, cando se constatou que os niveis de CO₂ estaban en aumento.

Dende aquela, as emisións de CO₂ comezaron a ser estudadas e consideradas nos temas tratados en diferentes Cumes e Conferencias coa comunidade científica e de persoas expertas na materia. Esta breve cronoloxía resume os eventos de maior transcendencia para a inclusión das cuestións medioambientais nas axendas políticas a nivel mundial:

1972. Primeira Conferencia de Nacións Unidas sobre o Medio Humano (Conferencia de Estocolmo). O debate xirou arredor de temas como a contaminación química e a caza de baleas. Foi aquí onde os líderes mundiais decidiron reunirse cada dez anos para realizar un seguimento do estado medio ambiental e analizar o impacto do desenvolvemento sobre el.

1979. Primeira Conferencia Mundial sobre o Clima en Xenebra. Considerouse por primeira vez o cambio climático como unha ameaza real.

1988-IPCC. Constitúese o Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC), creado pola Organización Meteorolóxica Mundial e o Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente. Froito do traballo deste Grupo, conclúese que soamente con medidas fortes para deter as emisións de gases de efecto invernadoiro será posible reducir as consecuencias do quecemento global.

1992. Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento (Cume da Terra. Río de Janeiro, Brasil). Os líderes mundiais adoptaron o plan coñecido como *Axenda 21*, un ambicioso programa de acción para o desenvolvemento sostible global. As áreas de actuación dos gobernos adheridos á Axenda 21 eran: a loita contra o cambio climático, a protección da biodiversidade e a eliminación das sustancias tóxicas emitidas. Entrou en vigor en 1994.

1995. Primeira Conferencia das Partes, Berlín. Dende a adopción do Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, a Conferencia das Partes (COP), o grupo de nacións que firmaron a CMNUCC, reuníronse anualmente.

1997. Protocolo de Kyoto. Coa sinatura deste Protocolo, os países industrializados adquiriron compromisos concretos e un calendario de actuación para reducir as súas emisións de gases de efecto invernadoiro. O protocolo de Kyoto supuxo un gran avance en relación á loita contra o cambio climático, xa que se logrou un acordo vinculante de todos os países asinantes para que, durante o período do 2008 ao 2012, se reducisen as emisións dos seis gases que máis potenciaban o efecto invernadoiro nun 5,2% con respecto a 1990.

2002. Johannesburgo. A Conferencia de Johannesburgo supón o inicio da participación activa da cidadanía na toma de decisións de índole climática.

2007. Bali. Iníciase o proceso de negociación para o segundo período de cumprimento do Protocolo de Kyoto, que tería vixencia entre 2012 e 2020.

2009. Copenhague. Nesta conferencia asinouse o acordo de Copenhague, no cal se logrou fixar a meta de que o límite máximo para o incremento da temperatura media global fose de 2°C. Porén, non se definen medidas claras para acadar cumprir dito obxectivo.

2010. Cancún. A Conferencia de Cancún foi fundamental para asegurar que nas Conferencias das Partes chegácese a compromisos políticos para facer fronte ao cambio climático. Dentro dos eixos de actuación acordados na Conferencia de Cancún, resalta a creación do Fondo

Verde para o Clima para proveer de financiamento a proxectos e actividades en países en desenvolvemento.

2011. Durban . Ata a celebración desta conferencia, unha das grandes cuestións sen resolver era o futuro do Protocolo de Kyoto. Coa resolución aprobada en Durban, os principais emisores de gases de efecto invernadoiro, como EE.UU. e os países de recente industrialización - Brasil, China, India e Sudáfrica- mostráronse dispostos a iniciar un proceso que se completaría en 2015 e que concluiría cun acordo legalmente vinculante de protección climática.

2015. París. O Acordo de París, acadado na Conferencia celebrada nesta cidade, é un dos principais fitos da historia recente da loita contra o cambio climático. Coa sinatura deste acordo, os gobernos comprométese a poñer en marcha medidas que contribúan reducir a subida da temperatura media do planeta ao longo do século XXI, limitando o seu aumento a 1,5°C. Este obxectivo implica reducir a cero as emisións de gases de efecto invernadoiro entre os anos 2030 e 2050.

Nesta liña, o 28 de novembro de 2018, a Comisión Europea presentou a súa visión estratéxica a longo prazo para unha economía próspera, moderna, competitiva e neutra dende o punto de vista do clima de aquí a 2050.

A estratexia mostra como Europa pode liderar o camiño ata a neutralidade climática mediante o investimento en solución tecnolóxicas realistas, a capacitación da cidadanía e a harmonización da acción en eidos clave como a política industrial, o financiamento ou a investigación, garantindo ao mesmo tempo a xustiza social para unha transición xusta.

En materia de redución de emisións, o obxectivo definido a nivel europeo desagregase á súa vez nos seguintes obxectivos:

A modificación do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, de modo que se reduzan as emisións do conxunto de sectores afectados un 21% respecto dos niveis do 2005.

Establecemento de obxectivos nacionais para aqueles sectores non sometidos ao comercio de dereitos de emisión (sectores difusos), de modo que conxuntamente se reduzan un 10% as emisións dos sectores difusos respecto dos niveis do ano 2005.

Os últimos datos dispoñibles mostran que a UE reduciu as súas emisións nun 23% entre 1990 e 2016, polo que a UE avanza polo bo camiño no cumprimento do obxectivo establecido. Para o período comprendido entre 2021 e 2030, a UE decidiu reforzar o seu compromiso a través da definición dun novo marco sobre o clima e a enerxía, que conta cos seguintes obxectivos:

- 40% de redución das emisións de gases de efecto invernadoiro en relación cos niveis de 1990.
- Participación do 32% de enerxías renovables no consumo de enerxía final.
- Mellora do 32,5% na eficiencia enerxética

Este obxectivo de redución de emisións GEI, desagregase nun obxectivo de redución do global das emisións afectadas polo réxime de comercio de dereitos de emisión dun 43% respecto do ano 2005, e para o caso do sector difuso, unha redución do total das emisións difusas da UE do 30% respecto ao ano 2005, o cal á súa vez repártese en obxectivos nacionais vinculantes para cada un dos Estados Membros. Este marco estratéxico para 2030 foi definido a partir da planificación recollida no documento “Folla de ruta cara unha economía hipocarbónica competitiva en 2050”, o cal establece que a UE en 2050 deberá ter diminuído as súas emisións un 80% respecto dos niveis de 1990.

A nivel estatal, a folla de ruta cara a descarbonización vén dada pola recentemente aprobada **Lei de cambio climático e transición enerxética**. Este documento abre o camiño cara a descarbonización da economía española, a máis tardar no ano 2050. Neste sentido, o Pacto das Alcaldías alíñase con esta tendencia global, xa que os gobernos asinantes do Pacto se comprometen a reducir as súas emisións de gases de efecto invernadoiro nun 40% no ano 2030, respecto ao ano de referencia.

Por outra banda, actualmente, a nivel mundial, o marco de traballo de todas as iniciativas relacionadas coa sostibilidade confórmano os **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)**. Estes Obxectivos constitúen un chamamento universal á acción para poñer fin á pobreza, protexer o planeta e mellorar as vidas e as perspectivas das persoas en todo o mundo. En 2015, todos os Estados Membros das Nacións Unidas aprobaron estes 17 Obxectivos como parte da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, na que se establece un plan para cumprilos no prazo de 15 anos.



Ilustración 1 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)

Actualmente, estase a progresar en moitos lugares, pero, en xeral, as medidas encamiñadas a acadar os Obxectivos aínda non avanzan á velocidade nin na escala necesarias. Así, o ano 2020 debe marcar o inicio dunha década de acción ambiciosa a fin de acadar os Obxectivos para 2030. Na década 2020-2030 é fundamental a necesidade de actuar para facer fronte á crecente pobreza, empoderar ás mulleres e ás nenas e afrontar a emerxencia climática.

A nivel galego, a Xunta de Galicia, consciente do cambio climática e da situación que se vive na actualidade, plasmou mediante a elaboración da **Estratexia de Cambio Climático** a súa vontade de actuar fronte ao cambio climático de xeito transversal e integrado, convertendo así a Galicia nunha rexión neutra en carbono e resiliente aos efectos deste fenómeno.

A Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 baséase nos seguintes principios reitores:

- **Sustentabilidade:** debe estar encamiñada a deixar ás xeracións futuras unha Galicia competitiva, socialmente cohesionada, que non comprometa os recursos naturais dispoñibles nin a calidade ambiental.
- **Participación efectiva:** precisa da implicación na mesma de todos os sectores da sociedade e garantir que todo aquel que queira participar sexa escoitado.
- **Cooperación e sinerxías:** debe servir para xerar alianzas sólidas entre os distintos niveis de gobernanza, a sociedade civil e os sectores produtivos para aproveitar os esforzos e coñecementos existentes. Incrementarase tamén a comunicación e cooperación coa comunidade científica de cara a achegar os resultados das súas investigacións aos procesos de definición de políticas públicas e toma de decisións.
- **Solidariedade:** debe mellorar a calidade de vida da poboación e reducir a desigualdade, polo que ten que achegar solucións para protexer aos grupos sociais e aos sectores produtivos máis vulnerables ante o cambio climático.
- **Flexibilidade:** debe ser capaz de incorporar novas medidas en función da avaliación e seguimento da mesma, así como incorporar novos coñecementos científicos e necesidades futuras.
- **Custo-Efectividade:** deberán priorizarse aquelas accións que permitan acadar o cumprimento do obxectivo dun modo máis eficiente dende o punto de vista económico.

1.3 O Concello de Negreira

1.3.1 Situación xeográfica

Negreira é un municipio galego que se encontra ao oeste de Santiago de Compostela, na provincia da A Coruña. Linda ao leste co Concello de Ames, ao sur co Concello de Brión, Noia e Outes, ao oeste linda con Outes e Mazaricos e ao norte con A Baña e Santa Comba. Posúe unha extensión territorial de 115,3 km², a cal se distribúe nun total de 18 parroquias:

- Santo Tomé de Alvite
- San Vicente de Aro
- San Cristobo de Arzón
- San Martiño de Broño
- San Pedro de Bugallido
- San Fiz de Campelo

- Santa Cruz de Campolongo
- Santa María de Covas
- San Pedro de Gonte
- San Estebo de Landeira
- San Martiño de Liñaio
- Santa Baia de Logrosa
- Santa Olalla de Lueiro
- San Mamede da Pena
- Santa María de Portor
- San Pedro de Xallas
- San Mamede de Zas



Ilustración 2 Distribución das parroquias no Concello de Negreira

Negreira é un pobo que ofrece aos seus veciños e visitantes unha gran variedade de servizos dentro dun marco rural e artístico inigualable. Polo menos dez parroquias negreiras ofrecen exemplos de arte medieval: Son Portor, Logrosa, Negreira, Covas, Landeira, Bugallido, Gonte, Liñaio, Lueiro e Arzón.

Entre o patrimonio que se pode encontrar no Concello, destaca Ponte Maceira que se encontra unindo os concellos de Ames e Negreira, esta ponte románica foi remodelada durante a Idade Media e sobrepasa o río Tambre.

Ademais, en Negreira tamén atópase o Pazo do Cotón e Capela de San Mauro que é unha fortaleza medieval no que no seu interior pódese encontrar escudos de armas de familias de nome en Galicia estando unido mediante unha galería coa Capela na que se pode contemplar un retablo neogótico e varias imaxes.

1.3.2 Demografía no Concello de Negreira

O Concello de Negreira conta cunha poboación, segundo o Instituto Galego de Estatística, para o ano 2020, de 6.788 habitantes. A continuación, móstrase na Ilustración 3 a evolución da poboación do Concello de Negreira dende o ano 2000 ata o 2020:




Ilustración 3 Evolución da poboación no Concello de Negreira

Facendo un estudio da poboación máis detallado constátase que:

- En función do sexo, o Concello de Negreira conta con 3.506 mulleres e 3.382 homes.
- En función do rango de idade:
 - Infancia (persoas con idades comprendidas entre os 0 e os 14 anos): 846 persoas.
 - Xuventude (persoas con idades comprendidas entre os 15 e os 25 anos): 558 persoas.
 - Vellez (persoas con idades superiores a 64 anos): 1.752 persoas.
- Segundo o recollido no padrón municipal de habitantes, o número de persoas estranxeiras residentes no Concello de Negreira no ano 2020 ascende a 694 persoas.

Os datos anteriores, recóllense na seguinte táboa:

Total	Mulleres	Infancia	Xuventude	Vellez
6.788	3.506	846	558	1.752
100%	52%	12%	8%	26%

Táboa 1 Datos poboacionais do Concello de Negreira (Fonte: IGE, 2020)

2 PROCESO DE PARTICIPACIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PACES

O presente Plan representa o compromiso do Concello de Negreira coa redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e a redución da súa vulnerabilidade fronte ao cambio climático. Partindo desta premisa, a participación do equipo de goberno e do persoal técnico do Concello de Negreira, así como a participación da cidadanía en xeral, configúrase como un elemento fundamental para a elaboración do presente PACES. Por tal motivo, planificouse e executouse un proceso de participación co que se buscou recoller as inquiredanzas do equipo de goberno, do persoal técnico municipal e da cidadanía respecto do cambio climático.




Ilustración 4 Ferramentas empregadas no proceso

2.1 Descrición e resultados de participación interna

Neste proceso de participación interveu o equipo de goberno do Concello de Negreira e o persoal técnico de diversos departamentos. Os obxectivos deste proceso foron:

- Dar a coñecer os resultados do inventario de emisións do Concello.
- Dar a coñecer os resultados das proxeccións climáticas para o Concello de Negreira en función de diversos escenarios de emisión futuros.
- Analizar as prioridades do Concello de Negreira en relación ao cambio climático.
- Analizar as preocupacións actuais e futuras do Concello de Negreira fronte aos perigos climáticos.
- Identificar as liñas de actuación para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro en todo o termo municipal.
- Identificar as liñas de actuación prioritarias en relación ás medidas de adaptación fronte ao cambio climático.

Este proceso de participación contemplou a celebración dunha mesa de traballo, no mes de setembro do ano 2021. Neste encontro interviñeron as persoas representantes do equipo de goberno e o persoal técnico municipal de diversos departamentos, co fin de poñer en común as liñas que se pretendían seguir e abordar no Concello para cumprir os obxectivos establecidos polo Pacto das Alcaldías.

Este encontro presencial completouse co envío de enquisas ao equipo de goberno e ao persoal técnico municipal. Ditas enquisas constaban de dous apartados:

- **Compromisos, obxectivos e visión:** neste apartado da enquisa solicitouse, en primeiro lugar, ordenar de máis a menos prioritarios os seguintes obxectivos e compromisos de cara ao ano 2030:
 - Reducir as emisións municipais.
 - Fomentar a redución das emisións non municipais (residencial, transporte, etc.).
 - Conseguir que a enerxía sexa segura, accesible e sostible.
 - Loita contra a pobreza enerxética.
 - Adaptar as políticas municipais ao escenario máis probable de afección.
 - Crear un comité de seguimento dos impactos do cambio climático.
 - Dedicar os recursos necesarios para o cumprimento dos obxectivos do PACES.
 - Fomentar unha economía verde e sostible.
 - Fomentar o uso das enerxías renovables.
 - Diseñar unha cidade atractiva e eficiente.
 - Reducir a xeración de residuos.
 - Mellorar a recollida de residuos.
 - Fomentar o uso responsable da enerxía.
 - Fomentar a redución dos residuos e desperdicios.
 - Favorecer a economía circular.

Na segunda parte, solicitouse indicar o nivel de preocupación actual e futura en relación a diversos perigos climáticos e en relación ao impacto que o cambio climático terá sobre diversos sectores da poboación. Os perigos climáticos e sectores da poboación a avaliar foron os indicados de seguido:

- Perigos climáticos:
 - Calor extremo.
 - Frío extremo.
 - Precipitación extrema.
 - Subida do nivel do mar.
 - Inundacións.
 - Secas.
 - Aumento das noites cálidas.
 - Aumento da temperatura media.
 - Incendios Forestais.

- Sectores da poboación:
 - Mulleres.
 - Infancia.
 - Xuventude.
 - Vellez.
 - Persoas en risco de exclusión social.
 - Persoas con diversidade funcional.
 - Persoas con enfermidades crónicas.
 - Persoas de baixa renda.
 - Persoas en desemprego.
 - Inmigrantes.
- **Mitigación e capacidade de adaptación:** neste apartado da enquisa facilitouse unha batería de trinta e dúas posibles liñas xerais de medidas de mitigación e sete posibles liñas xerais de medidas de adaptación para seren ordenadas de máis relevante a menos relevante.

A continuación preséntanse os resultados para cada unha das dúas partes das que constaba a enquisa remitida ao equipo de goberno e ao persoal técnico municipal do Concello de Negreira.

Por un lado, os obxectivos e compromisos de cara ao ano 2030 ordenados de máis a menos prioritarios, segundo o recollido nas enquisas:

- 1 •Deseñar unha cidade atractiva e eficiente.
- 2 •Reducir as emisións municipais.
- 3 •Fomentar a redución das emisións non municipais (residencial, transporte, etc.).
- 4 •Reducir a xeración de residuos.
- 5 •Fomentar a redución dos residuos e desperdicios.
- 6 •Fomentar unha economía verde e sostible.
- 7 •Dedicar os recursos necesarios para o cumprimento dos obxectivos do PACES.
- 8 •Favorecer a economía circular.
- 9 •Mellorar a recollida de residuos.
- 10 •Adaptar as políticas municipais ao escenario máis probable de afección.
- 11 •Fomentar o uso das enerxías renovables.
- 12 •Fomentar o uso responsable da enerxía.
- 13 •Loitar contra a pobreza enerxética.
- 14 •Conseguir que a enerxía sexa segura, asequible e sostible.
- 15 •Crear un comité de seguimento dos impactos do cambio climático.

Ilustración 5 Obxectivos e compromisos de cara ao ano 2030, ordenados de máis e menos relevancia para a corporación municipal do Concello de Negreira, de acordo coa información recollida mediante as enquisas

Na seguinte figura recóllense os resultados das enquisas no que respecta ao nivel de preocupación da corporación municipal do Concello de Negreira fronte ao impacto actual e futuro dos perigos climáticos. Os perigos preséntanse diferenciados entre preocupación alta ou baixa para as persoas que responderon á enquisa.




Ilustración 6 Perigos climáticos ordenados polo grado de preocupación para a corporación municipal de acordo coa información recollida nas enquisas

Na seguinte figura recóllense os resultados das enquisas no que respecta ao nivel de preocupación da corporación municipal do Concello de Negreira fronte ao impacto actual e futuro dos perigos climáticos sobre os diversos sectores da poboación. Ao igual que no caso anterior, estes sectores preséntanse co nivel de preocupación:





Ilustración 7 Segmentos de poboación co nivel de preocupación para a corporación municipal de acordo coa información recollida nas enquisas

2.2 Descrición e resultados da participación cidadá

Co fin de facer partícipes e recoller as inquedanzas da cidadanía do Concello de Negreira respecto ao cambio climático e as posibles medidas a desenvolver no concello para reducir o seu impacto, habilitouse un formulario online (Ilustración 9) a disposición de toda a cidadanía na páxina web do Concello e nas redes sociais. A través deste formulario recolléronse as respostas de 57 persoas.



CONCELLO DE NEGREIRA INICIO AYUNTAMIENTO ADMINISTRACIÓN SERVICIOS TURISMO NOTICIAS CONTACTO

CONCELLO DE NEGREIRA

Enquisa á veciñanza de Negreira sobre o Plan de Acción polo Clima

30 de Setembro de 2021

O Concello de Negreira está adherido ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, que leva aparelado un compromiso de reducir as emisións de CO2 no seu territorio para o ano 2030 en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, así como na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia.

O Pacto das Alcaldías é a maior iniciativa urbana do mundo en materia de clima e enerxía no que as autoridades locais comprométese a reducir as emisións un 40% ata o ano 2030, mellorar a eficiencia enerxética, utilizar fontes de enerxía renovable e desenvolver accións para mitigar o cambio climático. Por todo isto, lanzamos unha enquisa para recoller información por parte da veciñanza de Negreira para deseñar o Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostibles (PACES).

Preme no seguinte enlace para acceder á enquisa onde podes ver un vídeo explicativo do que é o Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostibles:
[ACCEDER Á ENQUIZA](#)

[t](#) [f](#) [in](#)

ÚLTIMAS NOTICIAS

- [Amplíase os aforos para até o...](#)
- [Enquisa á veciñanza de Negreira...](#)
- [A Tarxeta Nova permite gozar de 60...](#)
- [Chega a Negreira o avião ib...](#)
- [Ábrese o prazo para o programa...](#)
- [Pleno ordinario de setembro](#)
- [Negreira incorpora unha variedade...](#)

Ilustración 8 Ligazón á enquisa na páxina web do Concello de Negreira



PACTO DAS ALCALDÍAS PARA O CLIMA E A ENERXÍA
Enquisa

Enquisa PACES á veciñanza de Negreira

O Pacto das Alcaldías é a maior iniciativa urbana do mundo en materia de clima e enerxía no que as autoridades locais comprométese a reducir as emisións un 40% ata o ano 2030, mellorar a eficiencia enerxética, utilizar fontes de enerxía renovable e desenvolver accións para mitigar o cambio climático.

O obxectivo desta enquisa é recoller información por parte da veciñanza do concello para deseñar o PACES (Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostibles).

GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN

[Iniciar sesión en Google](#) para guardar lo que llevas hecho. [Máis información](#)

*Obligatorio

Video explicativo do Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostibles

El Pacto de los Alcalde...

Ilustración 9 Enquisa PACES á veciñanza

A distribución por idade, xénero e situación laboral das persoas que responderon á enquisa represéntase nas tres seguintes ilustracións:




Ilustración 10 Distribución por grupos de idade das persoas que responderon á enquisa




Ilustración 11 Distribución por xénero das persoas que responderon á enquisa

SITUACIÓN LABORAL




Ilustración 12 Distribución por situación laboral das persoas que responderon á enquisa

Os datos representados anteriormente mostran que o rango de idade con maior representación é de 35 a 44 anos. Por sexos, a maior parte das respostas corresponderon ao sexo masculino. No que respecta á ocupación, o 72% das persoas que responderon á enquisa foron persoas en activo, sendo este segmento da poboación o que ten unha maior representación entre as cincuenta e sete respostas rexistradas.

As principais conclusións extraídas do procesado das respostas rexistradas nas cincuenta e sete respostas recibidas son as que se indican de seguido:

1. O 89% das persoas que responderon á enquisa mostráronse preocupadas polas consecuencias que o cambio climático terá sobre a economía do Concello de Negreira.
2. Os cambios no clima que a poboación do Concello de Negreira considera que poden afectar máis á súa vida cotiá son: o aumento do número de incendios forestais, a chegada de períodos de seca cada vez máis longos e o aumento das temperaturas extremas.
3. O cambio no clima que máis preocupa á cidadanía de Negreira é o aumento do número de incendios forestais.
4. Así mesmo, o 89% das persoas que responderon á enquisa, indican ter a percepción de que as secas, as inundacións e/ou os lumes forestais son cada vez máis frecuentes.
5. Das cincuenta e sete persoas que responderon á pregunta “Considera que o Concello está adaptado para facer fronte a vagas de calor ou frío, choivas extremas, inundacións, secas ou vagas de lumes?”. Un 84% destas persoas indicou que non.
6. O 65% das respostas rexistradas mostráronse favorables á instalación de zonas de velocidade reducida nos núcleos máis poboados co fin de reducir as emisións.

7. A opción máis positivamente valorada para reducir o uso do coche é a mellora do transporte público.
8. A actuación encamiñada a reducir o impacto ambiental de todo o municipio que esperta maior interese entre a cidadanía do Concello de Negreira é a realización de accións informativas sobre axudas á renovación de vivendas para reducir o gasto enerxético.
9. Finalmente, o 90% das persoas valoraron positivamente a elaboración do PACES por parte do Concello de Negreira.
10. Das persoas que responderon á enquisa, 61% indicaron que si tiñan previsto acometer actuacións na súa vivenda para reducir o gasto enerxético, maioritariamente, cambio das ventás por outras que permitan un mellor illamento da vivenda fronte ao frío/calor.
11. No que respecta á compra de enerxía verde, o 51% das persoas mostráronse a favor da contratación deste tipo de enerxía malia o seu maior custe. Sen embargo, estas cifras invértense no que respecta ao vehículo eléctrico: o 14% das persoas que responderon á enquisa indican que non se mostra partidaria da renovación do seu vehículo por un eléctrico e o 56% terían que valoralo en función das condicións.

No anexo do presente documento recóllese a totalidade dos resultados obtidos nas enquisas.

3 COMPROMISO, OBXECTIVOS E ESTRATEXIA DO CONCELLO DE NEGREIRA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO COMO ASINANTE DO PACTO DAS ALCALDÍAS

3.1 Compromiso

O Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía é nunha iniciativa europea á que se suman voluntariamente gobernos locais e rexionais. Coa sinatura deste Pacto, as entidades locais adquiren unha serie de compromisos en materia de clima e enerxía comúns a toda a UE. Na actualidade, o Pacto das Alcaldías é un movemento en continua evolución e expansión mundial, contando xa con máis de 10.000 asinantes de máis de 60 países, con unha visión común para o ano 2050 de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro en todo o seu territorio.

O compromiso do Concello de Negreira fronte ao cambio climático, queda materializado na sinatura do Pacto das Alcaldías o 13 de xullo do ano 2020.

O Concello comprométese así a actuar para contribuír á consecución do obxectivo europeo de redución dos gases de efecto invernadoiro nun 40% para 2030 e a adopción dun enfoque común para o impulso da mitigación e adaptación ao cambio climático. Para traducir o acordo, comprometeuse a presentar o presente Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) no que se esbozarán as accións clave que se pretenden acometer. Ademais, incluírase un Inventario de Emisións de Referencia (IER) para realizar o seguimento das accións de mitigación e unha Avaliación de Riscos e Vulnerabilidades Climáticas.

Co presente documento o Concello de Negreira ofrece unha visión de futuro á hora de afrontar os seguintes retos interconectados: enerxía sostible, mitigación e adaptación ao cambio climático. Trátase dunha visión compartida polas autoridades locais, rexionais e nacionais de todo o mundo, asinantes do xa citado Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, o que fortalecerá o respaldo político a longo prazo.

Posto que o cambio climático é unha realidade que require acción urxente e debe ser prioritaria e estar presente nos plans de desenvolvemento das entidades locais, pois supón na actualidade unha ameaza para o desenvolvemento local e para a sociedade; o Concello propondrá unha serie de medidas concretas, e o reforzo das medidas xa iniciadas, co fin de asegurar a longo prazo un marco estable dende o punto de vista económico, social e medioambiental para as xeracións actuais e futuras.

Este compromiso político dirixirá a súa capacidade de acción cara aos obxectivos de adaptación e mitigación fronte ao cambio climático para promover o desenvolvemento local sostible.

3.2 Obxectivos do Concello

A visión a longo prazo para o Concello de Negreira é lograr un Concello movido por enerxía sostible, segura e economicamente accesible, así como un Concello resiliente aos efectos do cambio climático, que proporcione aos seus habitantes unha elevada calidade de vida.

Para converter nunha realidade esta visión a longo prazo, establécense unha serie de obxectivos medioambientais a cuxa consecución deben ir orientadas as medidas que se desenvolvan en todo o termo municipal:

- Reducir as emisións de CO₂ no Concello de Negreira nun 40% ata o ano 2030, tomando **como ano de referencia o 2019**.
- Acadar ou mellorar os obxectivos da UE en materia de enerxía e clima, tales como ter un consumo mínimo dun 27% de enerxía procedente de fontes renovables, e o aforro enerxético de, polo menos, o 27%.
- Aumentar a resiliencia mediante a adaptación ao cambio climático.
- Reducir desigualdades sociais, abordando acción para frear a pobreza enerxética.
- Cumprir coa lexislación medioambiental e enerxética presente e prepararse para escenarios futuros de carácter restritivo, incrementando a calidade de vida dos seus habitantes e visitantes, protexendo e preservando o medio ambiente para as xeracións futuras.

3.3 Estratexia para a consecución dos obxectivos

Para levar a cabo este Plan de Acción e realizar as aspiracións en materia de mitigación e adaptación, fixouse un punto de partida e un punto final ao que se pretende chegar grazas á posta en marcha de medidas específicas de redución de emisións e de adaptación ao cambio climático.

Para fixar o punto de partida, tomáronse datos concretos de consumos e emisións en todos os ámbitos de actuación públicos e privados que afectan a todos os sectores de actividade, analizando e clasificando toda a información, e tendo así unha foto fixa do ritmo de consumo do Concello.

Ao abordar de forma conxunta a mitigación e a adaptación, potenciarase as sinerxías políticas e sociais e conseguiranse solucións locais para o Concello de Negreira que axuden a promover uns servizos enerxéticos seguros, sostibles e economicamente accesibles para todos e todas, mellorando así a calidade de vida e incrementando a seguridade enerxética.

4 INVENTARIO DE EMISIONS DE REFERENCIA (IER)

O inventario de emisións cuantifica as cantidades de CO₂ emitidas debido ao consumo de enerxía no territorio. Permite identificar as principais fontes de emisións de CO₂ e os seus respectivos potenciais de redución. O inventario é o punto de partida para as accións de mitigación porque proporciona información sobre os principais sectores emisores, axudando a identificar e propoñer as mellores accións de mitigación.

A fonte de datos deste inventario é:

- **Edificios e equipamento/instalacións municipais:**
 - Aplicación/software de xestión enerxética municipal (consumo de enerxía eléctrica e gas natural).
 - Recollida e análise de facturas da área de intervención (outros combustibles).
- **Edificios residenciais:**
 - Oficina do Pacto das Alcaldías.
- **Frota municipal:**
 - Recollida e análise de facturas da área de intervención.
- **Transporte Público:**
 - Información dispoñible da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- **Transporte privado e comercial:**
 - Oficina do Pacto das Alcaldías.

O primeiro ano de inventario refírese ao ano de referencia, é dicir, ao ano en base ao que se compararán os resultados obtidos na redución de emisións no seu ano obxectivo. **O ano de referencia establécese no 2019.**

4.1 Consumos enerxéticos e emisións

Os sectores clave (principais sectores sobre cuxo consumo de enerxía poden influír as autoridades e, polo tanto, reducir as emisións de CO₂ resultantes) incluídos no inventario son:

- Edificios, equipamentos e instalacións municipais.
- Iluminación pública.
- Edificios residenciais.
- Transporte.
- Frota municipal.
- Transporte público.
- Transporte privado e comercial.
- Xestión de residuos.
- Xestión de augas residuais.

A continuación móstranse na Táboa 2 e na Ilustración 13 Consumos de enerxía MWh no Concello de Negreira: Total e % Ilustración 13 os datos e o peso de cada un dos sectores anteriores en termos de consumo final de enerxía no municipio de Negreira:

Sector	Consumo final de enerxía en MWh	%
Edificios e equipamento/instalacións municipais	1.106	1,13
Edificios residenciais	27.592	28,29
Alumeado público	1.147	1,18
Frota municipal	324	0,33
Transporte público	1.141	1,17
Transporte privado e comercial	66.209	67,89
Total	97.519	

Táboa 2 Consumo de enerxía por sectores no Concello de Negreira




Ilustración 13 Consumos de enerxía MWh no Concello de Negreira: Total e %

En segundo lugar, e cos datos representados no gráfico anterior, os datos de consumo exprésanse como emisións totais de GEI do Concello de Negreira para ese mesmo ano de referencia.

Sector	Emisións de CO ₂ [t] / emisións de eq. de CO ₂ [t]	%
Edifícios e equipamento/instalacións municipais	430	1,50
Edifícios residenciais	7.462	25,95
Alumeado público	464	1,61
Frota municipal	97	0,34
Transporte público	341	1,19
Transporte privado e comercial	18.796	65,37
Xestión de residuos	1.024	3,56
Xestión de augas residuais	141	0,49
Total	28.755	

Táboa 3 Emisións de gases de efecto invernadoiro por sectores no Concello de Negreira




Ilustración 14 Emisións de gases de efecto invernadoiro por sectores no Concello de Negreira
Emisións de CO₂ (t) / emisións de eq. de CO₂ (t): total

4.2 Detalle dos consumos das instalación xestionadas polo Concello de Negreira

As instalacións xestionadas polo Concello inclúen dependencias e instalacións para prestar todos os servizos municipais e iluminación pública.

Nas seguintes táboas e gráficos móstrase a distribución do consumo por usos e por combustible:

Tipo de Instalación	Total consumo enerxético (kWh/ano)	%
Alumeado público	1.146.615	44,50
Instalacións e dependencias municipais sen incluír AI-Pub	1.105.913	42,92
Frota municipal	323.970	12,57
Total	2.576.498	

Táboa 4 Consumos por tipo de instalación no Concello de Negreira




Ilustración 15 Consumo enerxético por sectores do Concello de Negreira (kWh/ano)

Fonte de enerxía	kWh/ano	%
Consumo enerxético electricidade (kWh/ano)	2.102.368	81,60
Consumo enerxético gasóleo (kWh/ano)	469.410	18,22
Consumo enerxético gasolina (kWh/ano)	4.720	0,18
Total	2.576.498	

Táboa 5 Consumos por fonte de enerxía no Concello de Negreira




Ilustración 16 Consumos por fonte de enerxía no Concello de Negreira

4.3 Obxectivos

O Plan de Acción para o Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía do municipio de Negreira céntrase en alcanzar para o ano 2030 dous obxectivos básicos:

- **Obxectivo 1:**
Reducir en, polo menos, un 40% as emisións de CO₂ no Concello de Negreira. Tendo en conta as emisións estimadas para o ano de referencia (ano 2019), este obxectivo concrétase en adoptar medidas que eviten a emisión de, polo menos, 11.502 toneladas de CO₂, que por habitantes corresponde a un valor de 1,83 toneladas de CO₂ per capita.
- **Obxectivo 2:**
Aumentar a capacidade de resiliencia do Concello de Negreira mediante a adaptación ao cambio climático.

Á súa vez, o primeiro obxectivo básico apóiase en dous complementarios que son:

- **Minimizar o consumo enerxético no municipio.** Con especial incidencia no consumo eléctrico e de combustibles fósiles, especialmente o gasóleo.
- **Incrementar o nivel de implantación das enerxías renovables.** Existindo unha ampla marxe de mellora e oportunidade considerando o contexto ambiental e socioeconómico.

5 MEDIDAS DE MITIGACIÓN

Tal e como xa se recolleu en puntos anteriores, para a recollida da información necesaria para a elaboración do PACES organizouse unha sesión de traballo co equipo de goberno e o persoal técnico municipal de diversas áreas do Concello de Negreira que se completou cun proceso de participación a través de enquisas. Así mesmo, organizouse un segundo encontro en persoa co persoal técnico municipal para definir as liñas de actuación en materia de mitigación, é dicir, de redución de emisións. O obxectivo deste proceso de participación foi identificar as accións máis relevantes para o Concello de Negreira en materia climática.

Como resultado da mesma, definíronse as vinte e dúas (22) medidas que se recollen na Táboa 6.

Nº	Nome medida
1	DEFINICIÓN DUNHA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA E COMPETENCIAL AXEITADA
2	PLAN DE COMUNICACIÓN E PARTICIPACIÓN DO PACES ATA O HORIZONTE 2030
3	CONTRATACIÓN PÚBLICA DE PRODUTOS E SERVIZOS APLICANDO CRITERIOS DE BAIXA PEGADA DE CARBONO, EFICIENCIA ENERXÉTICA E IMPULSO DAS ENERXÍAS RENOVABLES.
4	CONTRATACIÓN PÚBLICA DE ELECTRICIDADE VERDE
5	RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA
6	RENOVACIÓN DOS SISTEMAS DE CALEFACCIÓN E ACS DOS EDIFICIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL
7	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS
8	IMPLANTACIÓN DE INSTALACIÓNS DE ENERXÍA RENOVABLE PARA AUTOCONSUMO EN EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS
9	MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA
10	MELLORA DAS ENVOLVENTES DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS
11	PROMOCIÓN E INCENTIVO Á MELLORA DA CALIFICACIÓN ENERXÉTICA DE EDIFICIOS TERCIARIOS E RESIDENCIAIS
12	PROMOCIÓN E INCENTIVO DAS ENERXÍAS RENOVABLES (SOLAR FOTOVOLTAICA, SOLAR TÉRMICA, BIOMASA, OUTRAS), E RENOVACIÓN DE ENVOLVENTES
13	CONTROL E APLICACIÓN EFECTIVA DAS ESIXENCIAS BÁSICAS DE AFORRO DE ENERXÍA (HE) DO CÓDIGO TÉCNICO DA EDIFICACIÓN (CTE) EN EDIFICIOS DE

Nº	Nome medida
	NOVA CONSTRUCCIÓN E EN INTERVENCIÓNS SOBRE EDIFICIOS EXISTENTES. DESENVOLVEMENTO DE ORDENANZA.
14	CAMPAÑAS PARA O AFORRO ENERXÉTICO NO FOGAR
15	SUBSTITUCIÓN PAULATINA DA ILUMINACIÓN POUCO EFICIENTE NO SECTOR RESIDENCIAL
16	RENOVACIÓN DA FROTA MUNICIPAL
17	INCENTIVOS FISCAIS NO IVTM PARA VEHÍCULOS EFICIENTES E NON CONTAMINANTES
18	HUMANIZACIÓN, PEATONALIZACIÓN DENTRO DO TERMO MUNICIPAL E REDUCIÓN DA VELOCIDADE EN VÍAS PARA VEHÍCULOS
19	ESTABLECEMENTO DE PUNTOS DE RECARGA E LUGARES DE APARCAMENTO RESERVADO PARA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS
20	DIFUSIÓN DOS INCENTIVOS PARA A RENOVACIÓN DE VEHÍCULOS PRIVADOS-COMERCIAIS
21	RECOLLIDA SEPARADA DOS BIORRESIDUOS PARA COMPOSTAXE
22	SERVIZO DE LOITA CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA EN FAMILIAS VULNERABLES LEVADO A CABO POLOS SERVIZOS SOCIAIS

Táboa 6 Medidas de mitigación

5.1 Plan de Acción

O Plan de Acción desenvólvese tendo en conta os requirimentos do Pacto das Alcaldías e considerando os resultados do Inventario de Emisións de Referencia, da Avaliación Local da Vulnerabilidade e Riscos do Cambio Climático, e do Diagnóstico Enerxético realizado para o Concello de Negreira.

Ademais considérase que o cambio climático mundial non é un problema soamente da Administración Pública, senón que afecta a toda a sociedade, e por iso require a colaboración de todos os axentes socioeconómicos. Do anterior dedúcese a necesidade de enfocar as accións que se propoñan no Plan de Acción, non como unha imposición do Concello cara a cidadanía, senón como un proceso de acordo cos axentes socioeconómicos a través do cal se chegue a acordos razoables, xustos e eficaces. Na medida en que todos os axentes implicados estean comprometidos, as accións serán eficaces e lograrán alcanzar os obxectivos propostos.

En liña co indicado, o PACES fundamentase en:

- As boas prácticas enerxéticas desenvoltas ata a data no propio municipio e noutros con contextos socioeconómicos similares.
- A necesidade de establecer prioridades e seleccionar accións e medidas clave considerando, entre outros aspectos, o risco de éxito ou fracaso das mesmas no contexto local no que se inscriben. As medidas priorizáronse tendo en conta a enquisa realizada dentro das accións de participación e comunicación, e do estudo enerxético realizado polo persoal técnico municipal.
- A importancia de cumprir ou axustar as medidas aos requisitos legais existentes.
- A importancia de apoiar a selección de medidas no diagnóstico enerxético e o inventario de emisións de referencia realizado para cada un dos ámbitos e sectores PACES.
- A necesidade de establecer un calendario claro, definir responsabilidades e estimar un orzamento axustado aos recursos locais, considerando as posibilidades de financiamento.
- A necesidade de establecer un sistema de seguimento adecuado que permita avaliar e controlar o grao de desenvolvemento e a correcta execución do PACES, á vez que posibilite a adopción de novas medidas que permitan melloralo ou adaptalo á realidade cambiante.

5.2 Ámbitos, liñas estratéxicas e liñas sectoriais de actuación

5.2.1 Ámbitos de actuación

As liñas estratéxicas e de acción estrutúranse conforme aos ámbitos e sectores PACES considerando:

- **Ámbito PACES.** O maior volume de emisións a escala local dérivase do ámbito privado (transporte privado e comercial e edificacións residenciais) polo que a capacidade de intervención directa por parte da administración local debe centrarse en medidas orientadas á información, concienciación e sensibilización cidadá así como o desenvolvemento de normas e actuacións que faciliten e incentiven hábitos de vida compatibles cun modelo enerxético sostible. Aspectos como a mobilidade sostible, o aforro enerxético ou o consumo de enerxía verde resultan fundamentais.
- **Ámbito Concello.** Aínda que a contribución ao volume global de emisións é, en xeral, menos relevante, resulta fundamental desenvolver actuacións de sustentabilidade enerxética considerando a capacidade de intervención directa da administración local, a necesidade de dar exemplo e poñer de manifesto fronte á cidadanía o compromiso coa enerxía sostible, a posibilidade de solicitar axudas e subvencións ou as vantaxes de obter un aforro económico a medio prazo.

Partindo desta base, considéranse as liñas estratéxicas que se describen no punto seguinte.

5.2.2 Liñas estratéxicas

- **Estrutura e organización (EO)**

Designarase un/unha concelleiro/a responsable de dirixir a promoción, execución e seguimento das medidas que, en materia de enerxía sostible, se desenvolvan no municipio. Así, de forma transversal, terá que ser informado/a, polo resto do equipo de goberno de calquera acción ou actividade que poida influír no consumo enerxético e nas emisións de GEI.

- **Comunicación, participación, sensibilización e formación (CPSF)**

O Concello debe levar a cabo unha campaña de comunicación interna (persoal empregado e xestor local) e externa (poboación en xeral e actores sociais) sobre os compromisos e obxectivos expostos para minimizar os consumos enerxéticos, favorecer o desenvolvemento e implantación das enerxías renovables e unha mobilidade sostible para reducir as emisións de CO₂ a escala local.

Ademais, débense habilitar canles para que esta comunicación sexa bidireccional de xeito que toda a cidadanía do municipio poida facer comentarios ou suxestións para a mellora continua do PACES.

Doutra banda, o Concello debe desenvolver medidas encamiñadas á toma de conciencia, á adquisición de competencias e á formación en materia enerxética tanto do persoal empregado e traballadores/as públicos/as como dos actores sociais relevantes e a poboación en xeral. Estas medidas resultan fundamentais tendo en conta que segundo o IER do municipio, os sectores que, en maior medida, contribúen ás emisións de gases GEI son o transporte privado e comercial e as edificacións residenciais sobre os que o Concello ten menos capacidade de intervención directa. Neste sentido, a administración local debe procurar:

- Dar a coñecer as medidas, os procedementos e os requisitos establecidos polo PACES.
- Concretar as funcións e responsabilidades dos diferentes actores involucrados no cumprimento do obxectivo de reducir as emisións.
- Canalizar as axudas e poñer en valor os beneficios da mellora no desempeño enerxético.
- Informar sobre os beneficios e vantaxes da enerxía verde, a eficiencia enerxética, etc.

- **Contratación pública de produtos e servizos (CP)**

Unha das mellores ferramentas das que dispón a administración local para alcanzar de forma transversal os obxectivos expostos en relación á redución de emisións e consumos enerxéticos, eficiencia enerxética e impulso das enerxías renovables é establecer requisitos ou esixencias neste sentido na contratación dos seus produtos e servizos, especialmente naqueles directamente relacionados co consumo de enerxía. Isto, ademais de ter un impacto directo sobre o contrato ao que se refire, contribúe a sensibilizar ás empresas proveedoras locais (en moitos casos empresas situadas no propio municipio), ten un efecto exemplarizante e, en moitos casos, pode representar un aforro económico a medio prazo.

- **Adaptación ao cambio climático (CC)**

O Concello debe desenvolver as actuacións necesarias para adaptar o municipio aos cambios que o cambio climático causará nas condicións de vida e no medio ambiente. Por esta razón, deberanse executar medidas encamiñadas por unha banda, a desenvolver un marco normativo que minimize os futuros impactos previstos, asociados principalmente ao aumento das temperaturas e a diminución das precipitacións. Doutra banda, o Concello, terá que tomar medidas que melloren a resiliencia do Concello fronte aos cambios producidos polo cambio do clima. Estas medidas irán encamiñadas á conservación e mellora dos espazos verdes dentro dos núcleos urbanos.

5.2.3 Liñas sectoriais

- **Edificios, equipamentos/instalacións municipais (EEIM)**

Aínda que a súa contribución á redución de emisións a escala global é limitada, debido ao peso doutros sectores como o residencial ou o transporte privado, resulta fundamental facer efectivo o compromiso de reducir as emisións a escala local desenvolvendo medidas nos edificios e instalacións municipais que sirvan de referencia para todo o municipio.

Estas medidas deben seguir encamiñándose cara a:

- Continuar implantando as enerxías renovables: enerxía solar fotovoltaica, solar térmica para produción de ACS, biomasa, xeotermia, etc., nos edificios municipais. E apoiar o seu financiamento coas axudas e subvencións públicas existentes.
- Auditorías e Certificación enerxética das edificacións públicas e desenvolver medidas para a mellora da cualificación enerxética obtida.

En cada caso, pódense desenvolver:

- Melloras nas envolventes.
- Melloras/renovación dos aparellos e instalacións térmicas (calefacción, refrixeración, ACS, etc.).
- Mellora/renovación nos equipos de iluminación.
- Optimización das condicións de funcionamento (por exemplo: detectores de presenza, temporizadores, crono-termostatos, etc.) e ocupación.
- Mellora da Xestión e uso das instalacións.
- Formar aos empregados públicos en materia de boas prácticas para a redución de consumos e eficiencia enerxética.

- **Edificios, equipamentos/instalacións residenciais (EEIR)**

A súa contribución á redución local de emisións pode ser moi importante, debido a que son os sectores que -xunto co transporte- en maior medida contribúen ás emisións de CO₂ a escala local. Con todo, debe terse en conta a capacidade de intervención da administración local sobre estes sectores, encamiñando as actuacións cara a:

- Desenvolver acordos e/ou convenios cos sectores para facilitar a súa implicación no desenvolvemento do PACES.
- Desenvolver campañas de información e sensibilización para o aforro enerxético, a substitución da iluminación de baixo rendemento, a renovación de equipos de climatización, o consumo da enerxía verde, a substitución de caldeiras de calefacción e ACS por equipos máis eficientes ou a mellora da

envolvente de edificios. (Programas de comunicación basados en folletos, charlas, etc.). Dar a coñecer e facilitar o acceso ás axudas públicas existentes nestas materias.

- Desenvolver campañas de promoción da enerxía solar fotovoltaica e térmica. Dar a coñecer e facilitar o acceso ás axudas públicas existentes nestas materias e valorar a posibilidade de establecer incentivos municipais (por exemplo: bonificación en impostos ou taxas municipais).
- Controlar a certificación enerxética dos edificios de vivendas e terciarios. Bonificación ou incentivo a reformas que supoñan unha mellora na cualificación enerxética dos mesmos -demostrable polo certificado enerxético antes e despois.
- Garantir a aplicación efectiva do Código Técnico da Edificación (potenciación da instalación de paneis solares nos edificios) nos novos edificios que se constrúan.
- Informar e incentivar o consumo da denominada “enerxía verde”.
- Outros

- **Iluminación pública (AP)**

A súa contribución á redución local de emisións considérase moi significativa. Non só se debe facer fincapé na implantación de equipos máis eficientes e que, polo tanto, reducen os consumos e emisións, se non que tamén é preciso preocuparse de aspectos como a eliminación da contaminación lumínica e a redución do fluxo lumínico en horas de menor uso das vías públicas.

- **Transporte municipal (TPTEM)**

Aínda que a súa contribución ás emisións totais resulta pouco significativa a nivel municipal, o compromiso de reducilas esixe a adopción de medidas exemplarizantes na frota municipal -especialmente vinculadas ao consumo de diésel-. Neste sentido, deben adoptarse medidas encamiñadas a:

- Substituír o uso de combustibles fósiles por tecnoloxías menos contaminantes.
- Renovar a frota de vehículos municipais coa adquisición de vehículos híbridos ou eléctricos.
- Realizar cursos de conducción eficiente (Eco-conducción).
- Optimizar o uso dos vehículos (por exemplo: control e programación de traxectos e xestión e control do consumo de combustible).
- Outros.

- **Transporte público e privado-comercial (TPTEPPC)**

O IER pon de manifesto que é un dos sectores que máis contribúe ás emisións de CO₂ a escala municipal. Con todo, a capacidade de intervención da administración local é limitada e, en todo caso, debe orientarse a:

- Fomentar o uso do vehículo compartido para desprazamentos locais.
- Establecer incentivos/beneficios para os vehículos menos contaminantes (por exemplo: Reserva de prazas de aparcadoiro no centro urbano, vantaxes no imposto de circulación, etc.).
- Esixir criterios de mobilidade sostible ás empresas subministradoras do Concello.
- Levar a cabo campañas de información e sensibilización en hábitos de mobilidade sostible.
- Procurar unha conducción eficiente (Eco-conducción).
- Outros.

- **Xestión de residuos (GR) e xestión de augas residuos (GAR)**

Os residuos municipais que xeramos nos fogares, comercios e pequenas industrias galegas, supuxeron en 2019 máis de 1,13 millóns de toneladas, o que representa 419 kg/habitante e ano. Os municipios son os que se encargan da súa recollida e tratamento.

Estas actividades de tratamento e eliminación de residuos (compostaxe, biometanización, incineración e depósito en vertedoiro), así como o tratamento de augas residuais, constitúen o sector de Xestión de residuos desde a perspectiva da mitigación de gases de efecto invernadoiro.

Tanto a Lei de Residuos como os plans e programas, a nivel estatal e autonómico, establecen diferentes obxectivos para alcanzar os retos expostos no marco da Estratexia europea 2020. Este enfoque reforzouse coa adopción do Novo paquete de economía circular da Comisión Europea. Estes obxectivos, como se indica nos propios plans, contribúen á redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.

En España, segundo datos do MITERD, un 5% das emisións de gases de efecto invernadoiro corresponderon a este sector, mentres que o peso aumenta ao 8% dentro do conxunto dos sectores difusos. En 2014 a súa contribución foi de 15,7 Mt CO₂ e se se analiza desde unha perspectiva histórica, as emisións do sector foron aumentando desde 1990, aínda que se está iniciando un cambio de tendencia cara á redución, acorde aos obxectivos da planificación de residuos.

As emisións procedentes dos vertedoiros representan máis do 80% das emisións do sector. Para interpretar este feito é importante ter en conta que os residuos orgánicos depositados nos vertedoiros, vanse descompoñendo en condicións anaerobias xerando metano (CH₄) durante períodos de tempo superiores aos 20 anos; por iso, gran parte das emisións actuais

son herdadas, xa que proceden de residuos depositados en décadas previas. Para evitar que o metano se emita á atmosfera, instálanse sistemas de captación, xeralmente ao clausurar o vertedoiro.

Dada a significativa contribución do sector da xestión de residuos ás emisións totais de gases de efecto invernadoiro, os principais esforzos neste sector débense dirixir a reducir a cantidade de biorresiduos que se depositan no vertedoiro, xa que estes son a orixe do CH₄ xerado nestas instalacións.

- **Pobreza enerxética**

A pobreza enerxética é a situación na que se atopa un fogar no que non poden ser satisfeitas as necesidades básicas de subministración de enerxía, como consecuencia dun nivel de ingresos insuficiente e que, no seu caso, pode verse agravada por dispoñer dunha vivenda ineficiente dende o punto de vista enerxético.

5.3 Medidas/Accións PACES

5.3.1 Relación de medidas/accións

As medidas a desenvolver para cada liña estratéxica e sector son as seguintes:

Nome da medida	Liña estratéxica	Número	Sector PACES	Tipo de medida	¿Acción chave?
DEFINICIÓN DUNHA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA E COMPETENCIAL AXEITADA	ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN (EO)	EO-01	Todos (Transversal)	Mitigación, adaptación e pobreza enerxética	Non
PLAN DE COMUNICACIÓN E PARTICIPACIÓN DO PACES ATA O HORIZONTE 2030	COMUNICACIÓN, PARTICIPACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN (CPSF)	CPSF-01	Todos (Transversal)	Mitigación, adaptación e pobreza enerxética	Non
CONTRATACIÓN PÚBLICA DE PRODUTOS E SERVIZOS APLICANDO CRITERIOS DE BAIXA PEGADA DE CARBONO, EFICIENCIA ENERXÉTICA E IMPULSO DAS ENERXÍAS RENOVABLES.	CONTRATACIÓN PÚBLICA DE PRODUTOS E SERVIZOS (CP)	CP-01	Todos (Transversal)	Mitigación	Non
CONTRATACIÓN PÚBLICA DE ELECTRICIDADE VERDE	CONTRATACIÓN PÚBLICA DE PRODUTOS E SERVIZOS (CP)	CP-02	Todos (Transversal)	Mitigación	Non
RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA	ILUMINACIÓN PÚBLICA (AP)	AP-01	Iluminación pública	Mitigación	Si
RENOVACIÓN DOS SISTEMAS DE CALEFACCIÓN E ACS DOS EDIFICIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL	EDIFICIOS, EQUIPAMENTOS/INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (EEIM)	EEIM-01	Edificios, equipamento e instalacións municipais	Mitigación e adaptación	Si
MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS	EDIFICIOS, EQUIPAMENTOS/INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (EEIM)	EEIM-02	Edificios, equipamento e instalacións municipais	Mitigación	Non
IMPLANTACIÓN DE INSTALACIÓNS DE ENERXÍA RENOVABLE PARA AUTOCONSUMO EN EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	EDIFICIOS, EQUIPAMENTOS/INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (EEIM)	EEIM-03	Edificios, equipamento e instalacións municipais	Mitigación	Si
MELLORARA DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA	EDIFICIOS, EQUIPAMENTOS/INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (EEIM)	EEIM-04	Edificios, equipamento e instalacións municipais	Mitigación e adaptación	Non

Nome da medida	Liña estratéxica	Número	Sector PACES	Tipo de medida	¿Acción chave?
MELLORA DAS ENVOLVENTES DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS	EDIFICIOS, EQUIPAMENTOS/INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (EEIM)	EEIM-05	Edificios, equipamento e instalacións municipais	Mitigación e adaptación	Non
PROMOCIÓN E INCENTIVO Á MELLORA DA CALIFICACIÓN ENERXÉTICA DE EDIFICIOS TERCIARIOS E RESIDENCIAIS	EDIFICIOS, EQUIPAMENTOS/INSTALACIÓNS RESIDENCIAIS (EEIR)	EEIR-01	Edificios residenciais	Mitigación	Non
PROMOCIÓN E INCENTIVO DAS ENERXÍAS RENOVABLES (SOLAR FOTOVOLTAICA, SOLAR TÉRMICA, BIOMASA, OUTRAS), E RENOVACIÓN DE ENVOLVENTES	EDIFICIOS, EQUIPAMENTOS/INSTALACIÓNS RESIDENCIAIS (EEIR)	EEIR-02	Edificios residenciais	Mitigación e adaptación	Non
CONTROL E APLICACIÓN EFECTIVA DAS ESIXENCIAS BÁSICAS DE AFORRO DE ENERXÍA (HE) DO CÓDIGO TÉCNICO DA EDIFICACIÓN (CTE) EN EDIFICIOS DE NOVA CONSTRUCCIÓN E EN INTERVENCIÓNS SOBRE EDIFICIOS EXISTENTES. DESENVOLVEMENTO DE ORDENANZA.	EDIFICIOS, EQUIPAMENTOS/INSTALACIÓNS RESIDENCIAIS (EEIR)	EEIR-03	Edificios residenciais	Mitigación	Non
CAMPAÑAS PARA O AFORRO ENERXÉTICO NO FOGAR	EDIFICIOS, EQUIPAMENTOS/INSTALACIÓNS RESIDENCIAIS (EEIR)	EEIR-04	Edificios residenciais	Mitigación	Non
SUBSTITUCIÓN PAULATINA DA ILUMINACIÓN POUCO EFICIENTE NO SECTOR RESIDENCIAL	EDIFICIOS, EQUIPAMENTOS/INSTALACIÓNS RESIDENCIAIS (EEIR)	EEIR-05	Edificios residenciais	Mitigación	Non
RENOVACIÓN DA FROTA MUNICIPAL	TRANSPORTE FROTA MUNICIPAL (TPTEM)	TPTEM-01	Transporte: Frota municipal	Mitigación	Non
INCENTIVOS FISCAIS NO IVTM PARA VEHÍCULOS EFICIENTES E NON CONTAMINANTES	TRANSPORTE PÚBLICO E PRIVADO-COMERCIAL (TPTEPPC)	TPTEPPC-01	Transporte privado e comercial	Mitigación	Non
HUMANIZACIÓN, PEATONALIZACIÓN DENTRO DO TERMO MUNICIPAL E REDUCIÓN DA VELOCIDADE EN VÍAS PARA VEHÍCULOS	TRANSPORTE PÚBLICO E PRIVADO-COMERCIAL (TPTEPPC)	TPTEPPC-02	Transporte privado e comercial	Mitigación	Si

Nome da medida	Liña estratéxica	Número	Sector PACES	Tipo de medida	¿Acción chave?
ESTABLECEMENTO DE PUNTOS DE RECARGA E LUGARES DE APARCAMENTO RESERVADO PARA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS	TRANSPORTE PÚBLICO E PRIVADO-COMERCIAL (TPTEPPC)	TPTEPPC-03	Transporte privado e comercial	Mitigación	Non
DIFUSIÓN DOS INCENTIVOS PARA A RENOVACIÓN DE VEHÍCULOS PRIVADOS-COMERCIAIS	TRANSPORTE PÚBLICO E PRIVADO-COMERCIAL (TPTEPPC)	TPTEPPC-04	Transporte privado e comercial	Mitigación	Non
RECOLLIDA SEPARADA DOS BIORRESIDUOS PARA COMPOSTAXE	XESTIÓN DE RESIDUOS (GR) e XESTIÓN DE AUGAS RESIDUAIS (GAR)	GAR-01	Xestión de residuos	Mitigación e adaptación	Non
SERVIZO DE LOITA CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA EN FAMILIAS VULNERABLES LEVADO A CABO POLOS SERVIZOS SOCIAIS	POBREZA ENERXÉTICA (POBE)	POBE-1		Mitigación e pobreza enerxética	Non

Táboa 7 Características de cada unha das vinte e dúas medidas de mitigación

5.3.1 Fichas das medidas/accións

Para cada medida elaborouse unha ficha descritiva na que se especifican aspectos tales como a prioridade do seu desenvolvemento, a descrición dos aspectos que comprende, os entes implicados e responsables da súa execución, o calendario de execución, o orzamento, as principais vías de financiamento e o seu grao de contribución aos obxectivos de redución de emisións e consumos.

A continuación preséntanse as fichas de cada unha das 22 medidas:

ACTUACIÓNS PACES DO CONCELLO DE NEGREIRA		Acción Chave: Non	Referencia: EO-01
Liña Estratégica: ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN (EO)	Sector Paces: Todos (Transversal)	Prioridade: Alta	
Tipo de Medida: Mitigación, adaptación e pobreza enerxética			
Medida: DEFINICIÓ DUNHA ESTRUTURA ORGANIZATIVA E COMPETENCIAL AXEITADA			
Obxectivo: Conseguir a aplicación efectiva do PACES garantindo a existencia dunha estrutura competente e organizativa adecuada que asegure a correcta execución das medidas contempladas no Plan de Acción e a consecución dos obxectivos xerais que implica a adhesión do Concello á iniciativa Pacto das Alcaldías, é dicir a superar os obxectivos da UE en relación coa redución das emisións de CO ₂ e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.			
Descrición da medida: Crearase o marco funcional que ampara o desenvolvemento do PACES, definindo responsabilidades, concretando procedementos e poñendo ao dispor do Plan de Acción os adecuados recursos humanos e materiais necesarios. Posibilidade de crear a figura de xestor enerxético municipal ou unidade de xestión enerxética local encargada da implementación, seguimento e control das diferentes medidas de acción enerxética do PACES, incluíndo o seguimento e control dos consumos enerxéticos.			
Responsabilidades: Axentes Implicados: Concello Responsables: Concello Necesidade de relación contractual: Non Tipo de contrato: ---- Forma de adxudicación: ----			
Calendario: Data de inicio: 2021 Data de finalización: 2030 Periodicidade: continua Grao de Implantación: En execución			

ACTUACIÓN PACES DO CONCELLO DE NEGREIRA		Acción Chave: Non	Referencia: EO-01
Custes:			
Custe (€): non cuantificado		Financiación: non	
Taxa de retorno simple (TRS): ----			
Beneficios:			
Enerxía aforrada: ---- (MWh/ano) Emisións anuais evitadas: (tCO ₂ /ano) Emisións anuais evitadas /habitante: (tCO ₂ /hab): Emisións anuais evitadas acumuladas a 2030: (tCO ₂ /hab) Emisións anuais evitadas acumuladas a 2030 por habitante: (tCO ₂ /hab)		Hipóteses redución: ---- Producción anual e. renovable: ---- (MWh) Producción anual e. renovable acumulada a 2030: ---- (MWh)	
Indicadores e seguimento: Indicador 1: Existencia de estrutura organizativa e procedemental para a aplicación do PACES no Concello Uds. Indicador 1: Presencia/Ausencia		Indicador 2: ---- Uds. Indicador 2: ----	
Indicador 3: ---- Uds. Indicador 3: ----		Indicador 4: ---- Uds. Indicador 4: ----	
Observacións ---		Outra información dispoñible: fotos, ligazóns,...: ---	

ACTUACIÓN PACES DO CONCELLO DE NEGREIRA		Acción Chave: Non	Referencia: CPSF-01
Liña Estratégica: COMUNICACIÓN, PARTICIPACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN (CPSF)		Sector Paces: Todos (Transversal)	Prioridade: <u>Alta</u>
Tipo de Medida: Mitigación, adaptación e pobreza enerxética			
Medida: PLAN DE COMUNICACIÓN E PARTICIPACIÓN DO PACES ATA O HORIZONTE 2030			
Obxectivo: Difundir o PACES, os seus obxectivos, accións e evolución para coñecemento xeral e garantir a necesaria implicación dos sectores.			
Descrición da medida: O Concello deberá desenvolver un Plan de Comunicación que acompañará ás distintas fases de desenvolvemento do PACES ata o horizonte 2030. Este plan incluírá as accións necesarias para difundir e comunicar extensa e intensamente o estado e desenvolvemento do PACES a todos ámbitos implicados (empregado e xestores locais, poboación en xeral, sectores sociais e produtivos, etc.) para convertelo nunha ferramenta de traballo e de xestión que permita articular a gobernanza. Entre outras actuacións débese: <ul style="list-style-type: none"> - Manter e alimentar de forma periódica dunha páxina ou espazo web do PACES - Organizar un "Día de la Energía" ou "Día del Pacto de las alcaldías" - Difundir periodicamente notas de prensa aos medios cos avances e os principais fitos do PACES - Difundir os PACES a través das redes sociais - Celebrar reunións e eventos públicos arredor da Enerxía Sostible - Asinar convenios / convencións cos sectores implicados (comerciantes, transportistas, comunidades / asociacións de veciños, etc.) - Elaborar e difundir material de información e sensibilización (código de boas prácticas enerxéticas, preparación de folletos, etc.) - Outros O Plan de comunicación servirá tamén para difundir as actividades formativas do INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) Algunhas das accións de sensibilización e formación desenvólvense e indícanse especificamente nos sectores PAES aos que deben dirixirse, aínda que se consideran un desenvolvemento xeral desta medida / acción.			
Responsabilidades: Axentes Implicados: Concello Responsables: Concello Necesidade de relación contractual: Non Tipo de contrato: ---- Forma de adxudicación: ----			

ACTUACIÓN PACES DO CONCELLO DE NEGREIRA		Acción Chave: Non	Referencia: CPSF-01
Calendario:			
Data de inicio: 2021		Data de finalización: 2030	
Periodicidade: continua			
Grao de Implantación: En execución			
Custes:			
Custe (€): non cuantificado		Financiación: non	
Taxa de retorno simple (TRS): ----			
Beneficios:			
Energía aforrada: ---- (MWh/ano)		Hipóteses redución: ----	
Emisións anuais evitadas: (tCO ₂ /ano)		Producción anual e. renovable: ---- (MWh)	
Emisións anuais evitadas /habitante: (tCO ₂ /hab):		Producción anual e. renovable acumulada a 2030:	
Emisións anuais evitadas acumuladas a 2030: (tCO ₂ /hab)		---- (MWh)	
Emisións anuais evitadas acumuladas a 2030 por habitante: (tCO ₂ /hab)			
Indicadores e seguimento:		Indicador 2: N ^o de actores socioeconómicos e cidadáns que participaron nas accións ou manifestan coñecemento do PACES.	
Indicador 1: N ^o de accións de difusión, comunicación e participación do PACES.		Uds. Indicador 2: Uds.	
Uds. Indicador 1: Uds.			
Indicador 3: ----		Indicador 4: ----	
Uds. Indicador 3: ----		Uds. Indicador 4: ----	
Observacións		Outra información dispoñible: fotos, ligazóns,...:	
----		----	

ACTUACIÓN PACES DO CONCELLO DE NEGREIRA		Acción Chave: Non	Referencia: CP-01
Liña Estratégica: CONTRATACIÓN PÚBLICA DE PRODUTOS E SERVIZOS (CP)	Sector Paces: Todos (Transversal)	Prioridade: Alta	
Tipo de Medida: Mitigación			
Medida: CONTRATACIÓN PÚBLICA DE PRODUTOS E SERVIZOS APLICANDO CRITERIOS DE BAIXA PEGADA DE CARBONO, EFICIENCIA ENERXÉTICA E IMPULSO DAS ENERXÍAS RENOVABLES.			
Obxectivo: Minimizar a pegada de carbono do Concello, reducir consumos e impulsar as enerxías renovables.			
Descrición da medida: O Concello deberá establecer requisitos ou esixencias en materia de redución de emisións de CO ₂ , eficiencia enerxética e impulso das enerxías renovables na contratación dos seus produtos e servizos, especialmente aqueles directamente relacionados co consumo de enerxía. Isto ademais de ter un impacto directo sobre o contrato ao que se refire, contribúe a sensibilizar aos provedores locais (en moitos casos empresas situadas no propio municipio), ten un efecto exemplarizante e, en moitos casos, pode representar un aforro económico a medio prazo. A continuación recóllense algunhas suxestións ou opcións que poderán ser desenvoltas segundo as necesidades locais e o tipo de contrato que se trate (obras, xestión de servizos públicos, subministracións, consultoría e asistencia, servizos, etc.). Adquisición de equipos de ofimática, electrodomésticos, outros con etiquetas enerxéticas que acrediten a súa máxima eficiencia (A+, A++, A+++, etiquetaxe "Energy Star"). Xestión e mantemento de servizos e instalacións públicas con criterios de mellora da eficiencia enerxética, redución progresiva das emisións e impulso das enerxías renovables. Contratación Xeral. Xustificación da adopción de medidas para reducir a pegada de carbono. Outros. Estes criterios e condicionantes poderán ser incorporados no obxecto do contrato, as súas especificacións técnicas, criterio de selección dos licitadores, criterios de adjudicación do contrato ou nas cláusulas da execución do mesmo.			
Responsabilidades: Axentes Implicados: Concello Responsables: Concello Necesidade de relación contractual: Si Tipo de contrato: Todos Forma de adjudicación: Todas			

ACTUACIÓN PACES DO CONCELLO DE NEGREIRA		Acción Chave: Non	Referencia: CP-01
Calendario:			
Data de inicio: 2022		Data de finalización: 2030	
Periodicidade: continua			
Grao de Implantación: Non comezada			
Custes:			
Custe (€): non cuantificado		Financiación: non	
Taxa de retorno simple (TRS): ----			
Beneficios:			
Energía aforrada: ---- (MWh/ano)		Hipóteses redución: ----	
Emisións anuais evitadas: (tCO ₂ /ano)		Producción anual e. renovable: ---- (MWh)	
Emisións anuais evitadas /habitante: (tCO ₂ /hab):		Producción anual e. renovable acumulada a 2030:	
Emisións anuais evitadas acumuladas a 2030: (tCO ₂ /hab)		---- (MWh)	
Emisións anuais evitadas acumuladas a 2030 por habitante: (tCO ₂ /hab)			
Indicadores e seguimento:			
Indicador 1: Nº de contratos públicos que incluíron criterios de baixa pegada de carbono, eficiencia enerxética e impulso das enerxías renovables.		Indicador 2:	
Uds. Indicador 1: Uds.		Uds. Indicador 2:	
Indicador 3:		Indicador 4:	
Uds. Indicador 3:		Uds. Indicador 4:	
Observacións		Outra información dispoñible: fotos, ligazóns,...:	
----		-----	

ACTUACIÓN PACES DO CONCELLO DE NEGREIRA		Acción Chave: Non	Referencia: CP-02
Liña Estratégica: CONTRATACIÓN PÚBLICA DE PRODUTOS E SERVIZOS (CP)	Sector Paces: Todos (Transversal)	Prioridade: <u>Alta</u>	
Tipo de Medida: Mitigación			
Medida: CONTRATACIÓN PÚBLICA DE ELECTRICIDADE VERDE			
Obxectivo: Reducir as emisións dos edificios e instalacións municipais fomentando a SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA "VERDE"			
Descrición da medida: A administración local deberá establecer contratos eléctricos nos que se garanta que unha alta porcentaxe da enerxía provista sexa de orixe renovable con certificación de orixe de procedencia segundo a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMV). Deste xeito non só reducirá as emisións de CO ₂ asociadas ao consumo eléctrico de edificios e instalacións municipais, se non que actuase de maneira exemplarizante entre a poboación do municipio.			
Responsabilidades: Axentes Implicados: Concello Responsables: Concello Necesidade de relación contractual: Si Tipo de contrato: Subministro Forma de adxudicación: Concurso público			
Calendario: Data de inicio: 2022 Data de finalización: 2030 Periodicidade: 1 ou 2 anos Grao de Implantación: Non comezada			
Custes: Custe (€): non cuantificado Financiación: non Taxa de retorno simple (TRS): ----			
Beneficios:			
Enerxía aforrada: (MWh/ano) Emisións anuais evitadas: 349,680 (tCO ₂ /ano) Emisións anuais evitadas /habitante: 0,05562 (tCO ₂ /hab): Emisións anuais evitadas acumuladas a 2030: (tCO ₂ /hab)		Hipóteses redución: A aplicación desta medida supón reducir en polo menos un 40 % o dato do IER emisións de CO ₂ debidas ao consumo de electricidade en instalacións municipais e iluminación pública. Ademais temos que ter en conta que coas medidas de redución de consumo redúcese a cantidade inicial. Por tanto aplicamos un	

ACTUACIÓN PACES DO CONCELLO DE NEGREIRA		Acción Chave: Non	Referencia: CP-02
Emisións anuais evitadas acumuladas a 2030 por habitante: (tCO ₂ /hab)	40% ao 60% das emisións por consumo de electricidade. Produción anual e. renovable: ---- (MWh) Produción anual e. renovable acumulada a 2030: ----- (MWh)		
<u>Indicadores e seguimento:</u> Indicador 1: Porcentaxe de contratos de subministro eléctrico con certificado de orixe renovable da CNE. Uds. Indicador 1: %	Indicador 2: % de Enerxía verde certificada nos contratos de subministracións adxudicadas Uds. Indicador 2: %		
Indicador 3: ---- Uds. Indicador 3: ----	Indicador 4: ---- Uds. Indicador 4: ----		
<u>Observacións</u> ----	<u>Outra información dispoñible: fotos, ligazóns,...:</u> ----		

ACTUACIÓNS PACES DO CONCELLO DE NEGREIRA		Acción Chave: Si	Referencia: AP-01
Liña Estratégica: ILUMINACIÓN PÚBLICA (AP)	Sector Paces: Iluminación pública	Prioridade: <u>Alta</u>	
Tipo de Medida: Mitigación			
Medida: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA			
Obxectivo: Mellorar a eficiencia enerxética na iluminación pública e reducir a contaminación lumínica. Aforro e diminución de emisións xeradas pola iluminación pública.			
Descrición da medida: Actuacións en materia de renovación das instalacións de iluminación pública exterior. Trátase de actuacións de renovación de tecnoloxías obsoletas, por outras actuais e máis eficientes, aplicando criterios de aforro e eficiencia enerxética segundo o establecido no Real decreto 1890/2008, do 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de iluminación exterior e as súas instrucións técnicas complementarias EA-01 e EA-07 (BOE núm. 279, do 19 de novembro). Así conseguimos instalacións con unha cualificación enerxética A e ao mesmo tempo elimínase a contaminación lumínica. O Concello de Negreira ven a desenvolver de forma continuada plans específicos de renovación de diferentes alumeados no casco urbano, substituíndo luminarias ornamentais con tecnoloxía VSAP por novas luminarias LED en columnas de 6 metros viais. Este esforzo, recompensado na mellora significativa nos niveis lumínicos das rúas obxecto de actuación e no aforro económico, levou o Concello de Negreira a apostar decididamente pola renovación total do seu alumeado público, acolléndose a unha axuda do IDEA. De esta maneira, o Concello de Negreira comprometése a: - Renovar 3326 puntos de luz de tecnoloxía de descarga por novas luminarias de tecnoloxía LED, con regulación de fluxo en horas nocturnas. - Renovar 156 cadros de mando, substituíndo tamén os sistemas de acendido e apagado das instalación, para optimizar o consumo enerxético. - Incluír sistemas de xestión do alumeado público, para a comprobación dos aforros acadados e modificación de parámetros durante a vida útil do mesmo. De esta maneira o Concello de Negreira modernizará todo o seu alumeado público, realizando para tal fin un importante esforzo económico e organizativo pola magnitude do proxecto a xestionar, obtendo como resultado uns aforros de consumo de enerxía final superiores o 60%, coas implicacións económicas que iso significará para o Concello, ademais das reducións de emisións de CO2.			
Responsabilidades: Axentes Implicados: Concello Responsables: Concello Necesidade de relación contractual: Si Tipo de contrato: Subministro e instalación Forma de adxudicación: Concurso público			

ACTUACIÓN PACES DO CONCELLO DE NEGREIRA		Acción Chave: Si	Referencia: AP-01
Calendario:			
Data de inicio: 2022		Data de finalización: 2024	
Periodicidade:			
Grao de Implantación: Non comezada			
Custes:			
Custe (€): 2.000.000,00		Financiación: Concello / IDEA	
Taxa de retorno simple (TRS):			
Beneficios:			
Enerxía aforrada: 687,972 (MWh/ano) Emisións anuais evitadas: 278,628 (tCO ₂ /ano) Emisións anuais evitadas /habitante: 0,04432 (tCO ₂ /hab): Emisións anuais evitadas acumuladas a 2030: (tCO ₂ /hab) Emisións anuais evitadas acumuladas a 2030 por habitante: (tCO ₂ /hab)		Hipóteses redución: No ano 2024 poderemos chegar o obxectivo de renovar o 100 % do alumado público, introducindo tecnoloxía LED e redución do fluxo lumínico nas horas de menor uso, o cal nos levará a acadar un aforro mínimo calculado do 50 % do consumo enerxético. Producción anual e. renovable: ---- (MWh) Producción anual e. renovable acumulada a 2030: ---- (MWh)	
Indicadores e seguimento:		Indicador 2: nº de puntos de luz substituídos	
Indicador 1: kWh de aforro conseguidos		Uds. Indicador 2:Uds.	
Se nun ano a temperatura media ou a cantidade de choiva rexistrada é superior á de anos precedentes, non é posible indicar que o clima dunha determinada rexión está cambiando. Porén, se esta tendencia se mantén ao longo do tempo, e as diferenzas respecto a períodos temporais anteriores son cada vez máis significativas, é moi probable que se estea a producir un cambio climático.

Tal situación é a que a humanidade está a vivir actualmente. Neste sentido, á vista dos datos obtidos e das investigacións realizadas, a comunidade científica conclúe que existen evidencias suficientes para afirmar que o planeta está a atravesar un período de cambio climático.

Nos millóns de anos de historia do planeta Terra, o clima mudou en ocasións anteriores, se ben é certo que nunca o fixo a un ritmo tan acelerado como o actual. Porén, é a primeira vez que a humanidade afronta un cambio no clima a escala planetaria e agárdase que as consecuencias do mesmo afecten de xeito significativo á poboación de todas as rexións do globo. Estas consecuencias serán tanto maiores canto menos adaptadas estean cada unha delas.

Así, a subida do nivel do mar afectará especialmente aos asentamentos de poboación que non contan con infraestruturas que impidan que a auga anegue as edificacións. Pola súa banda, as secas terán consecuencias devastadoras para as economías agrícolas que non contan con medidas de subministración de auga en épocas de escaseza de choivas. E, finalmente, os lumes reducirán a cinzas as vivendas situadas nas proximidades de zonas de bosque nas que non se desenvolvesen actuacións encamiñadas a reducir a cantidade de material combustible presente nos mesmos.

Dada a magnitude do impacto que os fenómenos meteorolóxicos extremos debidos ao cambio climático poden ter sobre a poboación, neste apartado do PACES analízanse os riscos asociados ao cambio climático para o Concello de Negreira.

En primeiro lugar, preséntase a metodoloxía empregada para dita análise de riscos.

En segundo lugar, no punto de “Análise exploratoria”, preséntanse e analízanse os datos climáticos históricos (dende o ano 1971) para o Concello.

En terceiro lugar, débúxanse dous posibles escenarios de evolución do clima en función das concentracións de gases de efecto invernadoiro na atmosfera.

En cuarto lugar, partindo do perfil climático para o Concello de Negreira, facilitado pola Oficina técnica do Pacto das Alcaldías, e da información facilitada polo Concello, identifícanse os impactos ambientais que supoñen un maior risco para o Concello de Negreira e a súa poboación.

6.1 Metodoloxía

Para a determinación dos riscos climáticos do Concello de Negreira, tivéronse en conta e empregáronse as fontes de información que aparecen indicadas a continuación:

- Guía para a presentación de informes do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía.
- Guía para a elaboración de Plans Locais de Adaptación ao Cambio Climático, elaborada polo Ministerio de España.
- Estratexia Galega de Cambio Climático, elaborada pola Xunta de Galicia.
- Visor de escenarios de Cambio Climático AdapteCCa, desenvolto no marco do PNACC (Plan Nacional de Adaptación ao Cambio Climático), orientado a facilitar a consulta de proxeccións rexionalizadas de cambio climático para España. Estas, realízanse a partir das proxeccións globais do Quinto Informe de Evaluación do IPCC (Grupo Intergubernamental de Expertos sobre Cambio Climático) no marco da iniciativa Escenarios-PNACC 2017. Esta iniciativa integra os resultados de distintos proxectos internacionais de rexionalización dinámica e estatística como Euro-CORDEXe VALUE, coas proxeccións nacionais desenvoltas pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) e polo Grupo de Meteoroloxía de Santander (CSIC –Universidade de Cantabria). Empregáronse as proxeccións en grella, de aproximadamente 10 km de resolución, o que permite a obtención de datos moi específicos a escala do Concello de estudo.

6.2 Análise exploratoria (histórico)

Os resultados que ofrece o visor proceden, tal e como se mencionou no apartado anterior, das proxeccións con datos diarios xeradas mediante técnicas de rexionalización dinámica (que proporcionan resultados nunha grella regular de 10 km de resolución) e estatística (que proporcionan resultados puntuais para centos de localidades).

Ditas proxeccións contemplan dous escenarios de emisión de uso habitual (RCP 4.5 e RCP 8.5), que se explicarán en detalle no punto 3, así como un escenario histórico do cal tratará o presente punto.

Os datos que AdapteCCa ofrece como históricos, abarcan dende o ano 1971 ata o 2005, xerando proxeccións dende ese momento. Dentro deste período, o visor AdapteCCa toma o

período 1971-2000 como período de referencia para a análise da evolución dos parámetros climáticos nos escenarios RCP 4.5 e RCP 8.5.

No caso do Concello de Negreira, analizáronse como datos históricos:

- Temperatura máxima (°C).
- Temperatura mínima (°C).
- Días de xeadas e duración de vagas de calor.
- Precipitación (L/m²).

De seguido preséntanse as gráficas elaboradas a partir dos datos rexistrados para cada unha das variables climáticas:

6.2.1 Temperatura máxima e mínima

Nas Ilustración 17 e Ilustración 18 móstrase a evolución da media das temperaturas máximas e mínimas no escenario histórico, é dicir, dende o ano 1971 ao ano 2005.




Ilustración 17 Evolución histórica T. máxima




Ilustración 18 Evolución histórica T. mínima

Nas anteriores gráficas pódese apreciar unha clara tendencia á alza das temperaturas, tanto para o caso das temperaturas máximas, como para o de temperaturas mínimas. Estes dous feitos, provocan un aumento da duración e na aparición de eventos extremos, tales como as vagas de calor, derivadas do aumento das máximas, e a diminución de días de xeadas, debido ao aumento das temperaturas mínimas.

Cabe destacar que, o caso do aumento das mínimas é máis preocupante que o caso das máximas, xa que é un factor máis decisivo na supervivencia dos ecosistemas.

6.2.2 Días de xeadas e duración das vagas de calor

Na Ilustración 19 represéntase o número de días de xeadas e a variación no número de días de duración da vaga de calor¹ máis longa para cada ano no período 1971-2005. Neste último caso, a variación exprésase en días respecto ao período de referencia.

¹ Fálase de vaga de calor cando se suceden polo menos cinco días nos que a temperatura máxima é superior ao percentil 90 do período de referencia.




Ilustración 19 Eventos extremos

Os datos representados no gráfico mostran un retroceso no número de días de xeadas ao ano e un aumento da duración das vagas de calor.

6.2.3 Precipitación media mensual

Por último, represéntase en formato de gráfica a evolución da precipitación media mensual, en L/m²:




Ilustración 20 Evolución precipitación mensual (L/m2)

Mentres que a temperatura mostra unha clara tendencia á alza, os datos de precipitación, referidos ao mesmo período, non mostran unha tendencia clara pero a precipitación muda

cara tipoloxías máis extremas, caracterizadas, como se verá no punto seguinte, por veráns máis secos e un aumento da cantidade máxima de choiva caída en 24 horas.

6.3 Análise das anomalías climáticas

Para determinar se o tipo de clima nunha rexión está cambiando, é necesario comparalo co clima rexistrado no pasado e que se considera como “típico” da devandita rexión.

Así, a análise dos datos do período histórico que se vén de analizar empréganse neste apartado do documento para analizar como se está a comportar o clima actualmente respecto ao pasado.

Segundo a metodoloxía empregada polo visor de escenarios do Plan Nacional de Adaptación ao Cambio Climático, **establécese o período 1971-2000 como período de referencia** en base ao que analizar como varían as temperaturas máximas e mínimas e a precipitación, posto que, segundo se indica na metodoloxía, calquera análise cuantitativa da variación dos parámetros climáticos debe realizarse considerando a media temporal nun período mínimo de 30 anos².

Para analizar dita variación calcúlanse as denominadas anomalías, é dicir, a desviación existente entre o valor da variable climática para cada un dos anos considerados e o valor medio da devandita variable no período de referencia. Para determinar as anomalías, pártese do valor da variable climática (por exemplo, temperatura máxima) para un determinado ano e compárase esta coa media do período de referencia. Se a temperatura máxima para o ano que se está a estudar é maior ca o valor medio do período de referencia, a anomalía será positiva. Pola contra, se a anomalía resulta negativa, será indicativo de que nese ano, a temperatura máxima foi menor ca o do período de referencia.

Por outra banda, se os valores das anomalías son cada vez maiores, en valor absoluto, será indicativo de que os valores da variable climática difiren cada vez máis do valor medio.

As anomalías calculadas para a elaboración do PACES do Concello de Negreira foron as seguintes:

- As anomalías na temperatura máxima (°C).
- As anomalías na temperatura mínima (°C).
- As anomalías da precipitación (%).

6.3.1 Anomalías na temperatura máxima (°C)

Na Ilustración 21 móstrase a evolución das anomalías da temperatura máxima no Concello de Negreira dende ao ano 1971 ata o ano 2005.

² Manual de usuario do visor de escenarios de cambio climático Adaptecca. Dispoñible en: <https://escenarios.adaptecca.es/doc/uso.pdf?v=2020a>




Ilustración 21 Anomalías da T. máxima

Os valores representados na gráfica anterior mostran que no Concello de Negreira, no período 1971-2005, as temperaturas rexistraron unha tendencia á alza, seguindo unha traxectoria moi similar á que se observa na seguinte gráfica, na que se representan as anomalías de temperatura máxima a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia.




Ilustración 22 Anomalías na temperatura máxima respecto ao período de referencia. Fonte: Estratexia Galega de Cambio Climático

6.3.2 Anomalías na temperatura mínima (°C)

A continuación móstrase a evolución das anomalías da temperatura mínima no Concello de Negreira dende ao ano 1971 ata o ano 2005.




Ilustración 23 Anomalías da T. mínima.

Os valores representados na gráfica anterior mostran que no Concello de Negreira, no período 1971-2005, as temperaturas mínimas seguiron unha tendencia á alza.

6.3.3 Anomalías da precipitación (%)

Na Ilustración 24 representáanse as anomalías anuais da precipitación para o período 1971-2005 con respecto aos valores do período de referencia (1971-2000).




Ilustración 24 Anomalías precipitación

Os valores representados na gráfica anterior mostran que no Concello de Negreira, no período 1971-2005, non existe unha tendencia clara nas anomalías de precipitación, con valores dispares en función do ano. Este comportamento rexistrado polas anomalías da precipitación media é semellante ao rexistrado a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia e representado na ilustración seguinte.




Ilustración 25 Anomalías precipitación EGCC

6.4 Proxeccións climáticas

Ata o de agora, analizouse como foron variando as principais variables climáticas no período 1971-2005. Estes datos serven para debuxar o escenario de referencia en base ao que comparar os datos futuros para determinar se hai ou non variacións nos valores e, de habelas, establecer a magnitude das mesmas.

A determinación de dita magnitude permitirá estimar a magnitude do risco asociado aos impactos ambientais. Así por exemplo, a iguais medidas de adaptación ao cambio climático, o risco das vagas de calor serán tanto maior canto maior sexa o incremento de temperatura no futuro respecto ao período de referencia.

Ademais, dispoñer de información sobre a posible evolución do clima nas vindeiras décadas permitirá ao Concello tomar medidas de adaptación axeitadas para paliar as súas consecuencias.

Para analizar como van variar a temperatura e a precipitación no Concello de Negreira nos anos vindeiros, empregáronse as proxeccións climáticas realizadas ao abeiro da iniciativa Escenarios-PNACC (Plan Nacional de Adaptación ao Cambio Climático) recollidos no Plan Nacional de Adaptación ao Cambio Climático.

Este Plan, a través da iniciativa Escenarios-PNACC, recolle a información climática rexional para España, tanto do clima actual, como de distintos escenarios futuros de cambio climático para as próximas décadas.

Para a construción destes escenarios climáticos futuros no marco da iniciativa Escenarios-PNACC, empregáronse modelos climáticos que indican a evolución futura do clima, é dicir, as proxeccións climáticas, tendo en conta a variación que, de acordo co quinto Informe de Avaliación do Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático das Nacións Unidas, experimentarán as emisións de gases de efecto invernadoiro ata o ano 2100.

Dada a elevada incerteza asociada á estimación da concentración de gases de efecto invernadoiro na atmosfera ata o ano 2100, o Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático das Nacións Unidas estableceu catro escenarios futuros diferentes, cada un deles definido a partir de distintas hipóteses sobre o futuro desenvolvemento demográfico,

tecnolóxico e socioeconómico no mundo. O procedemento para construír estes escenarios de emisión vén definido no último informe do Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático das Nacións Unidas e parte da consideración das denominadas Traxectorias de Concentración Representativas (RCP, polas súas siglas en inglés).

Estas traxectorias corresponden a posibles traxectorias futuras do denominado forzamento radiativo (é dicir, a diferenza entre a luz solar absorbida pola Terra e a enerxía irradiada dende a Terra cara o espazo). Posto que o aumento da concentración de gases de efecto invernadoiro na atmosfera, impide que a radiación escape cara o espazo exterior, canto maior sexa dita concentración, maior será tamén o forzamento radiativo.

Neste sentido, cada un dos catros escenarios de emisión definidos polo Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático das Nacións Unidas corresponde a un comportamento diferente da concentración de gases de efecto invernadoiro na atmosfera, resultado da posta en funcionamento dun maior ou menor número de medidas de redución de emisións.

Na Táboa 9 descríbense os catros escenarios que configuran cada unha das catro traxectorias de concentración representativas (RCP):

ESCENARIO	DESCRIPCIÓN DOS CAMBIOS NAS CONCENTRACIONES DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO	CONCENTRACIÓN DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO EN 2100 (PPM CO ₂ EQ)
RCP 2.6	Escenario resultante da posta en marcha en medidas estritas de redución de emisión de gases de efecto invernadoiro.	421
RCP 4.5	As emisións acadan o seu punto máximo no ano 2040, e despois diminúen. O aumento da temperatura media no ano 2100 será moi probablemente, superior aos 2°C.	538
RCP 6.0	As emisións acadan o seu punto máximo no ano 2080, e despois diminúen. O aumento da temperatura media no ano 2100 será superior aos 2°C.	670
RCP 8.5	As emisións seguen aumentando durante todo o século XXI. O aumento da temperatura media no ano 2100 situarase arredor dos a 4°C.	936

Táboa 9 Escenarios das traxectorias de concentración representativas establecidas polo IPCC

A traxectoria de concentración representativa que permitiría cumprir co Acordo de París e manter o incremento da temperatura media por debaixo de 1,5 °C a finais do século XXI sería a RCP 1.9 (forzamento radiativo de 1,9 W/m²).

Seguindo a metodoloxía empregada na iniciativa Escenarios-PNACC, para analizar as proxeccións climáticas no Concello de Negreira ata o ano 2100, comparáronse as proxección

climáticas no escenario RCP 4.5 e RCP 8.5 xa que son os dous escenarios para os que se dispón de datos a nivel de Concello. Ademais, a selección do escenario RCP 4.5 vén tamén xustificada por ser este o seleccionado pola Oficina Técnica do Pacto das Alcaldías para a avaliación dos riscos de calor extremo, frío extremo, precipitación extrema e seca.

Na Ilustración 26 móstrase unha representación dos cambios experimentados pola concentración de gases de efecto invernadoiro ao longo do século XXI para cada un dos catro escenarios considerados.




Ilustración 26 Gráfica escenarios RCP 4.5 e 8.5

As variables analizadas para cada un dos dous escenarios foron as seguintes:

- Media da temperatura mínima (°C)
- Media da temperatura máxima (°C)
- Número de días cálidos
- Número de noites cálidas
- Número de días con temperatura mínima <0°C
- Número de días con temperatura mínima >20°C
- Duración máxima de vagas de calor (días)
- Precipitación media mensual (L/m²)
- Número de días de precipitación inferior a 1 L/m²

O mesmo xeito ca no punto anterior, para o cálculo do número de días cálidos, do número de noites cálidas e da duración das vagas de calor, requírese establecer un período de

comparación. Seguindo a metodoloxía empregada polo visor de AdapteCCa, o período de referencia empregado neste documento comprende entre os anos 1971 a 2000.

Seguindo a mesma estrutura do punto anterior, neste apartado analízase en primeiro lugar a evolución de cada unha das variables climáticas nos tres escenarios de estudo considerados (histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5). En todos os casos os datos foron extraídos do visor de escenarios de cambio climático PNACC 2017.

6.5 Análise de variables climáticas

6.5.1 Media da temperatura mínima

Na Ilustración 27 móstrase a evolución da media da temperatura mínima dende o ano 1971 ata o ano 2100.




Ilustración 27 Evolución da temperatura mínima nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5

Os datos representados nesta gráfica mostran un incremento na temperatura mínima media nos escenarios RCP 4.5 e RCP 8.5 en comparación coa media do período de histórico, sendo dito incremento maior no escenario RCP 8.5.

6.5.2 Media da temperatura máxima

Na Ilustración 28 móstrase a evolución da media da temperatura máxima dende o ano 1971 ata o ano 2100.




Ilustración 28 Evolución da temperatura máxima nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5

De acordo cos datos proporcionados polos modelos de proxección climática representados na gráfica anterior, a temperatura máxima tenderá a aumentar tanto no escenario RCP 4.5 como no escenario RCP 8.5. Do mesmo xeito ca no caso da temperatura mínima, este incremento será maior no escenario RCP 8.5.

6.5.3 Número de días cálidos

Os días cálidos defínense como aqueles nos que a temperatura máxima é superior ao percentil 90 do período de referencia, é dicir, o período comprendido entre o ano 1971 e ao ano 2000, como se mostra na Ilustración 29.

Número de días con temperatura máxima superior ao percentil 90 do período de referencia (1971-2000)




Ilustración 29 Evolución do número de días cálidos por ano nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5

Os datos representados nesta gráfica mostran unha tendencia á alza do número de días cálidos nos escenarios RCP 4.5 e RCP 8.5 en todo o período considerado, sendo o incremento maior no escenario RCP 8.5.

6.5.4 Número de noites cálidas

As noites cálidas defínense como aquelas nas que a temperatura mínima é superior ao percentil 90 do período de referencia, é dicir, o período comprendido entre o ano 1971 e ao ano 2000.




Ilustración 30 Evolución do número de noites cálidas nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5

Na

Ilustración 30 constátase un incremento no número de noites cálidas no Concello de Negreira en todos os escenarios considerados. Seguindo o mesmo patrón descrito polas temperaturas medias máximas e mínimas, os modelos climáticos mostran que as noites cálidas serán máis frecuentes no escenario RCP 8.5 ca no escenario RCP 4.5.

Se se calcula o número medio de noites cálidas no período 2005-2100 e se compara co período de referencia (1971-2000) constátase un aumento de 31 noites cálidas no escenario RCP 4.5 e de 46 noites no escenario RCP 8.5.

6.5.5 Número de días con temperatura mínima menor de 0°C

Na Ilustración 31 móstrase a evolución do número de días nos que a temperatura descendeu por debaixo dos 0°C, no período histórico (1971 a 2005) e o número de días nos que os modelos de proxección climática indican que esta mesma situación se repetirá, ata o ano 2100.




Ilustración 31 Evolución do número de días con temperaturas por debaixo de 0 °C nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5

En liña coa tendencia ascendente das temperaturas, as proxección climáticas mostran un drástico descenso do número de días nos que a temperatura será inferior a 0 °C. Este descenso será máis acusado no escenario RCP 8.5 ca no escenario RCP 4.5.

Se se calcula a media de días con temperatura mínima inferior a 0°C no período 2005-2100 e se compara co período de referencia 1971-2000 constátase unha diminución de 2 días no escenario RCP 4.5 e de 3 días no escenario RCP 8.5.

6.5.6 Número de días con temperatura mínima maior de 20°C

Proséguese coa análise da variación no número de días nos que a temperatura mínima se situará por riba dos 20°C. A evolución deste parámetro nos tres escenarios (histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5) represéntase na Ilustración 32:




Ilustración 32 Evolución do número de días con temperaturas mínimas por riba de 20 °C nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5

Tal e como se observa na gráfica anterior, as proxeccións climáticas mostran un aumento do número de días nos que a temperatura mínima se sitúa por riba dos 20°C, tendencia que se atopa en consonancia coa tendencia alcista do número de noites cálidas. Do mesmo xeito ca no caso das variables climáticas analizadas ata o momento, o aumento será maior no escenario RCP 8.5.

6.5.7 Duración máxima de vagas de calor (días)

Analízase agora a duración (en número de días) da vaga de calor máis longa nos tres escenarios de estudo (histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5), definíndose unha vaga de calor como os períodos de 5 ou máis días consecutivos nos que a temperatura máxima é superior ao percentil 90 do período de referencia (1971-2000). Os cambios exprésanse en días respecto ao período de referencia.




Ilustración 33 Evolución da duración das vagas de calor nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5

A observación dos datos representados na gráfica anterior permiten constatar unha maior duración das vagas de calor no Concello de Negreira no escenario RCP 4.5 en comparación coa escenario RCP 8.5. No caso do escenario RCP 4.5 (que mostra os cambios que experimentaría o clima no caso de que as emisións de gases de efecto invernadoiro acadasen a súa concentración máxima no ano 2040 e comezasen a diminuír a partir dese momento) conséntase un cambio de tendencia na duración das vagas de calor no último terzo do século XXI. Porén, en calquera dos dous casos, os datos mostran un aumento da duración das vagas de calor dende os inicios da primeira década do século XXI.

6.5.8 Precipitación media mensual (L/m²)

A Ilustración 34 representa o estudo das variacións na precipitación media mensual, nesta pódese apreciar a evolución da variable precipitación en función do tempo para cada un dos tres escenarios considerados (histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5).




Ilustración 34 Evolución da precipitación media mensual nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5

Os datos representados na gráfica anterior mostran unha lixeira tendencia á baixa da precipitación media mensual tanto no escenario RCP 4.5 como no escenario RCP 8.5.

Se se compara a evolución esperada da precipitación coa da temperatura, obsérvase que a diferenza de precipitación entre o período histórico e as proxeccións para os escenarios RCP 4.5 e RCP 8.5 non é tan acusada como no caso da temperatura. Isto indica que a cantidade media de choiva non experimentará grandes cambios no futuro a vir.

Porén, un estudo dos datos agrupados en función das estacións do ano (primavera, verán, outono e inverno), mostran un cambio no patrón de distribución das precipitacións ao longo ano.

Para realizar unha análise comparativa ente os dous escenarios de emisión, seguindo a metodoloxía empregada para o desenvolvemento do visor AdapteCCa, establécese como período de referencia o período 1971-2000.

Así, para o escenario RCP 4.5, as proxeccións climáticas indican que a precipitación media mensual no período 2005-2100 será, de media, un 3% menor, en comparación co período de referencia (1970-2000). Sen embargo, se se analizan os datos estacionais, constátase un aumento das precipitacións dun 7% nos meses de inverno, mentres que a variación agardada nos meses do verán será de -21%.

O mesmo ocorre se se analizan os datos para o escenario RCP 8.5. Para este escenario, as proxeccións climáticas mostran unha diminución media anual da precipitación media mensual do 6%. No que respecta ao meses de inverno, prevese un aumento das precipitacións dun 6% e, nos meses de verán, prevese unha caída media da precipitación media mensual do 30% no período 2005-2100, respecto ao período de referencia (1971-2000).

Á vista destes datos, conclúese que o cambio climático provocará un cambio na distribución das época de choiva ao longo do ano, con veráns moito máis secos cós actuais e invernos lixeiramente máis chuviosos.

6.5.9 Precipitación máxima en 24 horas

Na Ilustración 35 móstrase a evolución da precipitación máxima, en L/m², en 24 horas dende o ano 1971 ata o ano 2100, para os tres escenarios de estudo (histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5).




Ilustración 35 Evolución da precipitación máxima en 24 horas nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5

No caso deste variables non se aprecian diferenzas entre os dous escenarios de emisións (RCP 4.5 e RCP 8.5). En ámbolos dous escenarios rexístrase un lixeiro aumento respecto ao período de referencia (1971-2000), en consonancia co comportamento proxectado da precipitación.

6.5.10 Número de días con precipitación inferior a 1L/m².

Na gráfica seguinte móstrase a evolución do número de días con precipitación inferior a 1 L/m² dende o ano 1971 ata o ano 2100, para os tres escenarios de estudo (histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5).




Ilustración 36 Evolución do número de días con precipitación inferior a 1mm nos escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5

A Ilustración 36 mostra unha tendencia á alza no número de días con precipitación inferior a 1 L/m² ao longo de todo o período de estudo, tanto para o escenario RCP 4.5 como para o escenario RCP 8.5. Esta tendencia está en consonancia coa evolución do tipo de clima do Concello de Negreira cara tipoloxías máis extremas, caracterizadas, como se vén de analizar

nos dous puntos anteriores, por veráns significativamente máis secos e un aumento da cantidade máxima de choiva caída en 24 horas.

6.6 Análise de anomalías

Unha vez analizadas as tendencias das principais variables climáticas, calcúlanse agora as anomalías anuais respecto ao período de referencia (1971-2000). O cálculo destas anomalías permitirá cuantificar en que medida indican as proxeccións climáticas que variarán as diversas variables analizadas para os dous escenarios de emisións de gases de efecto invernadoiro considerados (RCP 4.5 e RCP 8.5). Co fin de facilitar a interpretación dos datos, inclúese tamén na análise o período histórico (1971-2005).

As variables climáticas para cuxos valores se analizaron as anomalías respecto ao período de referencia (1971-2000) no Concello de Negreira, foron as seguintes:

- Anomalía da temperatura máxima media e da temperatura mínima media (en °C).
- Anomalía da precipitación media mensual (en %).

A continuación preséntanse as gráficas elaboradas a partir dos datos obtidos.

6.6.1 Anomalía da temperatura máxima media e da temperatura mínima media

Na Ilustración 37 e na Ilustración 38 represéntanse os datos de anomalías da temperatura máxima media anual (primeira das gráficas) e da temperatura mínima media anual (segunda das gráficas).




Ilustración 37 Anomalía da temperatura máxima media anual para os escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5




Ilustración 38 Anomalía da temperatura mínima media anual para os escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5

As dúas gráficas anteriores mostran en que medida a temperatura máxima media e a temperatura mínima media de cada ano se incrementarán no período 2005-2100 en comparación co período de referencia (1971-2100).

Os datos obtidos mostran un incremento máis pronunciado no escenario RCP 4.5 en comparación co escenario RCP 8.5.

No caso do escenario 4.5 o incremento na temperatura media máxima e mínima tende a estabilizarse arredor dos 1,5 °C a partir do ano 2055, mentres que no escenario RCP 8.5 a gráfica mostra unha tendencia ascendente durante todo o período de estudo, chegándose a un incremento duns 3°C no ano 2100.

No que respecto ao incremento medio das temperaturas máximas medias anuais, este foi de 1°C no período 2005-2100 respecto ao período de referencia (1971-2000) para o escenario RCP 4.5. Por estacións, o incremento medio no inverno foi de 1°C e de 1°C, no verán. No caso do escenario RCP 8.5, o incremento medio anual foi de 2°C, de 2°C no inverno e de 2°C no verán.

6.6.2 Anomalía da precipitación media mensual

Na Ilustración 39 represéntanse os datos de anomalías da precipitación media mensual, en porcentaxe (%) sobre o valor medio do período de referencia (1971-2000):




Ilustración 39 Anomalía da precipitación media mensual para os escenarios histórico, RCP 4.5 e RCP 8.5

A gráfica de anomalías da precipitación media mensual indica en que medida as precipitacións aumentarán ou diminuirán cada ano do período de estudo (2005-2100) con respecto ao período de referencia (1971-2000).

Tal e como xa se constatará no estudo das proxeccións climáticas das variables individuais no Concello de Negreira, a precipitación non presenta unha tendencia tan constante como as temperaturas, con anos nos que chove máis cá media e outros nos que o valor da precipitación é inferior a dita media. A pesar desta variabilidade en función do ano que se considere, no conxunto do período de estudo, a tendencia é que a cantidade de choiva mensual diminúa. Dita diminución será máis acusada no escenario RCP 8.5 fronte ao escenario RCP 4.5

No caso do escenario 4.5 o valor da precipitación media mensual diminuirá nun 3% no período 2005-2100 respecto á cantidade de choiva media recollida mensualmente no período de referencia (1971-2000). Por estación, producirase un aumento do 7% da precipitación en inverno respecto ao ano de referencia, e unha caída do 21% en verán.

No caso do escenario 8.5 o valor da precipitación media mensual diminuirá nun 6% no período 2005-2100 respecto á cantidade de choiva media recollida mensualmente no período de referencia (1971-2000). Por estación, no inverno producirase un aumento dun 6%, e unha caída do 30% en verán.

6.7 Identificación de perigos climáticos e principais conclusións da análise das proxeccións climáticas

Como resumo, nas dúas táboas seguintes recóllense os principais resultados da análise das anomalías climáticas en cada un dos escenarios considerados:

- **Escenario RCP 4.5:**

	ANUAL	INVERNO	VERÁN
TEMPERATURA MÁXIMA	+1°C	+1°C	+1°C
TEMPERATURA MÍNIMA	+1°C	+1°C	+1°C
PRECIPITACIÓNS	-3%	+7%	-21%
NÚMERO DE NOITES CÁLIDAS	+31		
NÚMERO DE DÍAS DE XEADA	-2		

Táboa 10 Cambios nas variables climáticas no período 2005-2100 con respecto ao período de referencia (1971-2000) no escenario RCP 4.5

- **Escenario RCP 8.5:**

	ANUAL	INVERNO	VERÁN
TEMPERATURA MÁXIMA	+2°C	+2°C	+2°C
TEMPERATURA MÍNIMA	+2°C	+2°C	+2°C
PRECIPITACIÓNS	-6%	+6%	-30%
NÚMERO DE NOITES CÁLIDAS	+46		
NÚMERO DE DÍAS DE XEADA	-3		

Táboa 11 Cambios nas variables climáticas no período 2005-2100 con respecto ao período de referencia (1971-2000) no escenario RCP 8.5

Os cambios proxectados nas variables climáticas con respecto ao período de referencia permiten concluír que:

- Existe unha clara tendencia ao aumento das temperaturas máximas e mínimas, tanto na media anual coma nas estacións de inverno e verán, sendo superior o aumento no caso do escenario RCP 8.5.
- No caso das precipitacións, agárdase unha lixeira diminución da precipitación media anual nos dous escenarios. As proxeccións climáticas indican que esta diminución será moito máis notable na estación de verán, o que dará lugar a períodos de seca máis intensos e máis prolongados no tempo. Pola contra, nos dous escenarios considerados (RCP 4.5 e RCP 8.5) rexístrase un lixeiro incremento da precipitación media nos meses

de inverno. Este incremento na cantidade de choiva anual contrasta co aumento do número de días con precipitación media inferior a 1 L/m², é dicir, dos días do ano nos que non se rexistran precipitacións, en ámbolos dous escenarios. Este comportamento do clima leva a pensar nun cambio no patrón de choivas, cun menor número de días de chuvia ao ano, pero cunha maior incidencia de choivas torrenciais.

- O aumento do número de noites cálidas e a diminución dos días de xeadas, están relacionados directamente co aumento da media das temperaturas mínimas. No que respecta ás noites cálidas, o seu aumento débese á redución da diferenza de temperatura entre o día e a noite, mentres que a diminución dos días de xeadas será o resultado da redución do número de días nos que a temperatura descende por debaixo dos 0°C.
- No que respecta á temperatura, aínda que unha variación de 1-2 °C poida semellar unha cifra pouco relevante, débese ter en conta que un pequeno cambio na temperatura pode ocasionar grandes impactos no medio ambiente. Así por exemplo, ao final da última idade de xeo, cando os continentes estaban cubertos por unha capa de xeo de 1 km de espesor, a temperatura media era só entre 5 e 9°C máis baixa cá actual³.

Dadas das grandes consecuencias que pode ter para o planeta e para a humanidade a subida da temperatura media, os países asinantes do Acordo de París, entre os que figuran os Estados Membros da Unión Europea, comprométense a reducir as súas emisións de gases de efecto invernadoiro, co fin de limitar o aumento da temperatura media a 1,5 °C a finais do século XXI. Neste sentido, o IPCC indica que se as emisións de gases de efecto invernadoiro seguisen incrementándose ao ritmo actual, alcanzaríase o incremento de 1,5°C entre o ano 2030 e 2052.

Pola contra, a comunidade científica que forma parte do IPCC conclúe que limitar o quecemento global a 1,5°C no ano 2100, as emisións netas de CO₂ deben reducirse ata cero no ano 2050. Esta é a razón que está levando á Unión Europea a poñer en marcha medidas encamiñadas a conseguir a neutralidade en carbono no ano 2050.

6.8 Sistema de puntuación dos riscos

O cambio nos valores medios das variables climáticas leva asociados unha serie de perigos climáticos, tales como o calor, o frío e a precipitación extremos; e unha maior frecuencia dos episodios de inundacións, secas e lumes forestais.

O risco de que estes perigos cheguen a materializarse e as consecuencias para o Concello de Negreira dependerán das condicións ambientais e das características do Concello.

Así, determinar os principais perigos aos que o Concello de Negreira está exposto será o primeiro paso para comezar a definir as medidas de adaptación, é dicir, as medidas que se

³<https://climate.nasa.gov/efectos/>

deben desenvolver co fin de reducir as consecuencias negativas que os riscos debidos ao cambio climático poidan ter para o Concello.

A determinación dos riscos asociados a estes perigos vén dada pola Oficina do Pacto da Alcaldías. Esta oficina técnica, parte dos datos e da bibliográfica dispoñible para definir o perfil de riscos climáticos para todos os Concellos que queiran elaborar o seu PACES.

Na Táboa 12 recóllese o perfil de riscos climáticos elaborada por esta oficina técnica para o Concello de Negreira:

<< Riesgos actuales >>		<< Riesgos previstos >>		
Tipo de Riesgo Climático	Nivel actual del riesgo	Cambio previsto en intensidad	Cambio previsto en frecuencia	<u>Marco temporal</u>
<u>Calor Extremo</u>	Bajo	Aumento	Aumento	A corto plazo
<u>Frío Extremo</u>	Bajo	Sin cambios	Aumento	A corto plazo
<u>Precipitación Extrema</u>	Moderado	Aumento	Aumento	A corto plazo
<u>Inundaciones</u>	Moderado	Aumento	Aumento	A corto plazo
<u>Sequías</u>	Moderado	Aumento	Aumento	A corto plazo
<u>Incendios Forestales</u>	Alto	Aumento	Aumento	A corto plazo

Táboa 12 Perfil de riscos climáticos do Concello de Negreira, elaborado pola Oficina Técnica do Pacto das Alcaldías

A segunda das columnas da táboa anterior mostra o nivel de risco actual no Concello de Negreira, tendo en conta a probabilidade de que o risco se materialice e a magnitude das súas consecuencias. Os niveis de risco establecidos pola metodoloxía empregada pola Oficina Técnica do Pacto das Alcaldías son: baixo-moderado-alto.

Así mesmo, o perfil de riscos climáticos mostra a previsión de como se agarda que se comporte o risco a curto prazo. No caso de Negreira, o perfil mostra un aumento tanto da intensidade.

Os riscos derivados do cambio climático afectarán a diversos sectores de actividade e servizos do Concello de Negreira, así como á súa poboación. Seguindo a metodoloxía descrita polo Pactos das Alcaldías, os sectores cuxa vulnerabilidade fronte ao cambio climático se avalían no presente documento son os seguintes:

- Edificacións
- Transporte
- Industria
- Enerxía
- Auga
- Residuos
- Urbanismos e planificación
- Agricultura e silvicultura
- Medio ambiente e biodiversidade
- Saúde
- Protección civil e emerxencias

Así mesmo, seguindo a metodoloxía descrita polo Pacto das Alcaldías, os sectores da poboación cuxa vulnerabilidade fronte ao cambio climático se avalían no presente documento son os seguintes:

- Mulleres
- Infancia
- Xuventude
- Vellez
- Poboación en risco de exclusión social
- Poboación con diversidade funcional
- Poboación que padece enfermidades crónicas
- Poboación con baixa renda
- Poboación en desemprego
- Poboación inmigrante

6.8.1 Análise dos riscos para os sectores de actividade e servizos do Concello de Negreira

Para determinar os sectores con maior risco, tívose en conta as dúas compoñentes do mesmo:

- As consecuencias que dito perigo tería para cada un dos sectores analizados se se chegase a producirse, é dicir, o impacto de cada perigo climático no Concello de Negreira.
- A probabilidade de que cada un dos perigos climáticos chegue a materializarse (que se asimila ao “perfil de risco climático” para o Concello de Negreira proporcionado pola Oficina Técnica do Pacto das Alcaldías).

6.8.1.1 Impacto dos perigos climáticos

Para cuantificar o impacto que cada perigo climático tería sobre os sectores de estudo, establécese una escala de valoración do 1 ao 5, sendo 1 o valor asignado cando as consecuencias son moi pouco significativas e 5 cando estas son moi significativas/catastróficas.

Deste xeito, constrúese a matriz de impacto, asignando un valor comprendido entre 1 e 5 ao impacto que cada perigo climático terá sobre cada sector de actividade e de servizos do Concello de Negreira.

Para a asignación do nivel de impacto definíronse unha serie de indicadores para cada sector de actividade e de servizos considerados en función dos datos proporcionados pola corporación municipal a través dun formulario de recollida de información que se lles fixo chegar con motivo da elaboración do PACES, así como doutras fontes de información dispoñible, tales como o Instituto Galego de Estatística e o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (Xunta de Galicia, 2011)

Na táboa seguinte indícase a fonte de información a partir da que se obtivo cada un dos indicadores empregados para avaliar os riscos asociados aos perigos climáticos derivados do cambio climático no Concello de Negreira:

Indicador	Fonte	Valor
% edificios/inmobles con evacuación de augas residuais por rede de sumidoiros	IGE ⁴	55,41%
Existen edificacións próximas a algún río?	Formulario	Si
Existen edificacións próximas a zonas de bosque?	Formulario	Si
Existen vías de comunicación principais próximas a algún río?	Formulario	Si
Existen vías de comunicación secundarias próximas a algún río?	Formulario	Si
Existen estradas próximas a zonas de bosque?	Formulario	Si
Cal é o principal sector de actividade do Concello?	Formulario	Primario e Servizos
Existen industrias situadas preto dalgún río?	Formulario	Si
Existen industrias madeireiras na zona?	Formulario	Si
Dispón o Concello de sistema de recollida de augas pluviais?	Formulario	Si
Índice de ruralidade do Concello	PXRUGA ⁵	Rural
Está en marcha algún programa de compostaxe individual/comunitario?	Formulario	Non
Existen edificacións en zonas próximas ao ríos?	Formulario	Si
Existen zonas de industria próximas a zonas forestais?	Formulario	Si
Que predomina no Concello: zonas de cultivo intensivo ou extensivo (pastos)?	Formulario	Cultivo intensivo
Nas zonas de cultivo, predomina o cultivo baixo invernadoiro?	Formulario	Non
Existen explotacións agrarias próximas a ríos?	Formulario	Si
Existen zonas de monocultivo forestal?	Formulario	Si
Existen zonas de especial protección no Concello?	Formulario	Non
Existe algún río no Concello?	Formulario	Si
Existen zonas de humedais no Concello (zonas RAMSAR) ?	Turismo de Galicia ⁶	Non

⁴ Censo de vivendas

⁵ Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (Xunta de Galicia, 2011). Dispoñible na páxina web do Sirga

⁶ Páxina web de Turismo de Galicia

Indicador	Fonte	Valor
Existen zonas de monocultivo de eucalipto no Concello?	Visor de usos do solo ⁷	Si
Cal é a idade media da poboación? (datos 2020)	IGE ⁸	47,5
Existen zonas de praia no Concello?	Google Maps	Non
Concello con tempada alta de turismo en inverno?	IGE. ⁹	Non
Rexístrase un aumento da poboación en verán? (>25%)	IGE ¹⁰	Non
Concello con prazas en establecemento de turismo rural?	IGE ¹¹	Si

Táboa 13 Información recadada para a selección de indicadores para avaliar os riscos asociados aos perigos climáticos

De seguido preséntanse os indicadores empregados para determinar o impacto dos perigos ambientais sobre os sectores de actividade e servizos do Concello de Negreira:

Edificacións					
Perigo climático	Indicador	Equivalencia indicados-valor impacto		Valor indicador Concello	Valor impacto
Calor extremo	Non aplica (N.a)	N.a.	2	N.a.	2
Frío extremo	N.a.	N.a.	2	N.a.	2
Precipitación extrema	% edificios/inmobles con evacuación de augas residuais por rede de sumidoiros	< 20%	5	55,41%	3
		>20%-60%	3		
		> 60%	1		
Inundacións	Existen edificacións próximas a algún río?	Si	5	Si	5
		Non	1		
Secas	N.a.	N.a.	1	N.a.	1
Incendios forestais	Existen edificacións próximas a zonas de bosque?	Si	5	Si	5
		Non	1		

⁷ Accesible en: <http://mapas.xunta.gal/visores/ocupaciondosolo/>

⁸ Censo de poboación. Ano 2020.

⁹ Varación da poboación por trimestres. Ano 2018.

¹⁰ Varación da poboación por trimestres. Ano 2018.

¹¹ Aloxamentos turísticos (número de establecementos). Ano 2018.

Táboa 14 Indicadores de impacto para o sector das edificacións

Transporte					
Perigo climático	Indicador	Equivalencia indicador-valor impacto		Valor indicador Concello	Valor impacto
Calor extremo	N.a.	N.a.	1	N.a.	1
Frío extremo	N.a.	N.a.	1	N.a.	1
Precipitación extrema	Existen vías de comunicación principais próximas a algún río?	Si	5	Si	5
		Non	Ver indicador seguinte		
	Existen vías de comunicación secundarias próximas a algún río?	Si	3	Si	
		Non	1		
Inundacións	Existen vías de comunicación principais próximas a algún río?	Si	5	Si	5
		Non	Ver indicador seguinte		
		Si	3	Si	
		Non	1		
Secas	N.a.	N.a.	1	N.a.	1
Incendios forestais	Existen estradas próximas a zonas de bosque?	Si	5	Si	5
		Non	1		

Táboa 15 Indicadores de impacto para o sector do transporte

Industria					
Perigo climático	Indicador	Equivalencia indicador-valor impacto		Valor indicador Concello	Valor impacto
Calor extremo	Cal é o principal sector de actividade do Concello?	Sector secundario (industria)	5	Sector primario e servizos	3

Industria					
Perigo climático	Indicador	Equivalencia indicador-valor impacto		Valor indicador Concello	Valor impacto
		Sector primario e servizos	3		
Frío extremo	Cal é o principal sector de actividade do Concello?	Sector secundario (industria)	5	Sector primario e servizos	3
		Sector primario e servizos	3		
Precipitación extrema	Existen industrias situadas preto dalgún río?	Si	5	Si	5
		Non	1		
Inundacións	Existen industrias situadas preto dalgún río?	Si	5	Si	5
		Non	1		
Secas	Cal é o principal sector de actividade do Concello?	Sector secundario (industria)	5	Sector primario e servizos	1
		Sector primario e servizos	1		
Incendios forestais	Existen industrias madeireiras na zona?	Si	5	Si	5
		Non	1		

Táboa 16 Indicadores de impacto para o sector da industria

Energía					
Perigo climático	Indicador	Equivalencia indicador-valor impacto		Valor indicador Concello	Valor impacto
Calor extremo	N.a.	N.a.	N.a.	N.a.	1
		N.a.	N.a.		
Frío extremo	N.a.	N.a.	N.a.	N.a.	1
		N.a.	N.a.		
Precipitación extrema	N.a.	N.a.	N.a.	N.a.	5
		N.a.	N.a.		
Inundacións	N.a.	N.a.	N.a.	N.a.	3
		N.a.	N.a.		

Energía					
Perigo climático	Indicador	Equivalencia indicador-valor impacto		Valor indicador Concello	Valor impacto
Secas	N.a.	N.a.	N.a.	N.a.	1
		N.a.	N.a.		
Incendios forestais	N.a.	N.a.	N.a.	N.a.	5
		N.a.	N.a.		

Táboa 17 Indicadores de impacto para o sector da enerxía

Auga					
Perigo climático	Indicador	Equivalencia indicador-valor impacto		Valor indicador Concello	Valor impacto
Calor extremo	Cal é o principal sector de actividade do Concello?	Sector primario	5	Sector primario	5
		Sector secundario (industria)	3		
		Sector servizos	1		
Frío extremo	Cal é o principal sector de actividade do Concello?	Sector primario	5	Sector primario	5
		Sector secundario (industria)	3		
		Sector servizos	1		
Precipitación extrema	Dispón o Concello de recollida de augas pluviais?	Non	5	Non	5
		Si	1		
Inundacións	% edificios/inmubles con evacuación de augas residuais por rede de sumidoiros	< 20%	5	55,41%	4
		>20%-60%	4		
		> 60%	3		
Secas	Índice de ruralidade do Concello	Urbano	5	Rural	1
		Semiurbano	3		
		Rural	1		

Auga					
Perigo climático	Indicador	Equivalencia indicador-valor impacto		Valor indicador Concello	Valor impacto
Incendios forestais	Non aplica	Non aplica	3	Non aplica	3

Táboa 18 Indicadores de impacto para o sector da auga

Residuos					
Perigo climático	Indicador	Equivalencia indicador-valor impacto		Valor indicador Concello	Valor impacto
Calor extremo	Está en marcha algún programa de compostaxe individual/comunitario?	Non	4	Non	4
		Si	2		
Frío extremo	Está en marcha algún programa de compostaxe individual/comunitario?	Non	4	Non	4
		Si	2		
Precipitación extrema	Está en marcha algún programa de compostaxe individual/comunitario?	Non	4	Non	4
		Si	2		
Inundacións	% edificios/inmobles con evacuación de augas residuais por rede de sumidoiros	< 20%	5	55,41%	3
		>20%-60%	3		
		> 60%	1		
Secas	Non aplica	Non aplica	2	Non aplica	2
Incendios forestais	Non aplica	Non aplica	3	Non aplica	3

Táboa 19 Indicadores de impacto para o sector dos residuos

Urbanismo e planificación					
Perigo climático	Indicador	Equivalencia indicador-valor impacto		Valor indicador Concello	Valor impacto
Calor extremo	Índice de ruralidade do Concello	Urbano	5	Rural	2
		Semiurbano	3		
		Rural	2		
Frío extremo	Non aplica	Non aplica	2	Non aplica	2
Precipitación extrema	Índice de ruralidade do Concello	Urbano	5	Rural	2
		Semiurbano	3		
		Rural	2		
Inundacións	Existen edificacións en zonas próximas ao ríos?	Si	5	Si	5
		Non	3		
Secas	Non aplica	Non aplica		Non aplica	3
Incendios forestais	Existen zonas de industria próximas a zonas forestais?	Si	5	Si	5
		Non	3		

Táboa 20 Indicadores de impacto para o sector do urbanismo e planificación

Agricultura e silvicultura					
Perigo climático	Indicador	Equivalencia indicador-valor impacto		Valor indicador Concello	Valor impacto
Calor extremo	Que predomina no Concello: zonas de cultivo intensivo ou extensivo (pastos)?[1]	Cultivo intensivo	5	Cultivo intensivo	5
		Pasto	3		
Frío extremo	Nas zonas de cultivo, predomina o cultivo baixo invernadoiro?[2]	Non	5	Non	5
		Si	3		
		Non	5	Non	5

Agricultura e silvicultura					
Perigo climático	Indicador	Equivalencia indicador-valor impacto		Valor indicador Concello	Valor impacto
Precipitación extrema	Nas zonas de cultivo, predomina o cultivo baixo invernadoiro?[3]	Si	3		
Inundacións	Existen explotacións agrarias próximas a ríos?[4]	Si	5	Si	5
		Non	2		
Secas	N.a.	N.a.		N.a.	5
Incendios forestais	Existen zonas de monocultivo forestal? [5]	Si	5	Si	5
		Non	3		

Táboa 21 Indicadores de impacto para o sector da agricultura e silvicultura

Medio ambiente e biodiversidade					
Perigo climático	Indicador	Equivalencia indicador-valor impacto		Valor indicador Concello	Valor impacto
Calor extremo	Existen zonas de especial protección no Concello?	Si	5	Non	3
		Non	3		
Frío extremo	Existen zonas de especial protección no Concello?	Si	5	Non	3
		Non	3		
Precipitación extrema	Non aplica	Non aplica		Non aplica	3
Inundacións	Existe algún río no Concello?	Si	5	Si	5
		Non	1		
Secas	Existen zonas de humedais no Concello (zonas RAMSAR) ?	Si	5	Non	3
		Non	3		
Incendios forestais	Existen zonas de monocultivo de eucalipto no Concello?	Non	5	Si	4
		Si	4		

Táboa 22 Indicadores de impacto para o sector do medio ambiente e biodiversidade

Saúde					
Perigo climático	Indicador	Equivalencia indicador-valor impacto		Valor indicador Concello	Valor impacto
Calor extremo	Cal é a idade media da poboación? (datos 2020)	> 55 anos	5	47,5	3
		< 55 anos	3		
Frío extremo	Cal é a idade media da poboación? (datos 2020)	> 55 anos	5	47,5	3
		< 55 anos	3		
Precipitación extrema	Non aplica	Non aplica	4	Non aplica	4
Inundacións	Cal é a idade media da poboación? (datos 2020)	> 60 anos	5	47,5	1
		50-60 anos	3		
		< 50 anos	1		
Secas	Cal é a idade media da poboación?	> 55 anos	5	47,5	3
		< 55 anos	3		
Incendios forestais	Cal é a idade media da poboación?	> 60 anos	5	47,5	3
		50-60 anos	4		
		< 50 anos	3		

Táboa 23 Indicadores de impacto para o sector da saúde

Protección civil e emerxencias					
Perigo climático	Indicador	Equivalencia indicador-valor impacto		Valor indicador Concello	Valor impacto
Calor extremo	Cal é a idade media da poboación?	> 55 anos	5	47,5	3
		< 55 anos	3		
Frío extremo	Cal é a idade media da poboación?	> 55 anos	5	47,5	3
		< 55 anos	3		
Precipitación extrema	Existen vías de comunicación principais preto dalgún río?	Si	5	Si	5
		Non	ver indicador seguinte		
		Si	4	Si	
		Non	2		
Inundacións		Si	5	Si	5

Protección civil e emerxencias					
Perigo climático	Indicador	Equivalencia indicador-valor impacto		Valor indicador Concello	Valor impacto
	Existen edificacións preto dalgún río?	Non	3		
Secas	Índice de ruralidade do Concello	Urbano	5	Rural	2
		Semiurbano	3		
		Rural	2		
Incendios forestais	Non aplica	Non aplica		Non aplica	5

Táboa 24 Indicadores de impacto para o sector de protección civil e emerxencias

Turismo					
Perigo climático	Indicador	Equivalencia indicador-valor impacto		Valor indicador Concello	Valor impacto
Calor extremo	Existen zonas de praia no Concello?	Non	5	Non	5
		Si	1		
Frío extremo	Concello con tempada alta de turismo en inverno?	Si	5	Non	3
		Non	3		
Precipitación extrema	Non aplica	Non aplica	1	Non aplica	1
Inundacións	Non aplica	Non aplica	1	Non aplica	1
Secas	Rexístrase un aumento da poboación en verán?	Si	5	Non	2
		Non	2		
Incendios forestais	Concello con prazas en establecemento de turismo rural?	Si	5	Si	5
		Non	3		

Táboa 25 Indicadores de impacto para o sector do turismo

Nalgúns sectores de actividade e de servizos non se especifican indicadores para algúns perigos climáticos. Isto ocorre nos casos en que se considera que as a magnitude do impacto non está directamente influenciada polas características do Concello.

6.8.1.2 Probabilidade dos perigos climáticos

Pola súa banda, a probabilidade de que cada perigo se materialice no Concello de Negreira vén dada polo perfil climático. Para facer a análise de riscos emprégase o seguinte sistema de puntuación:

- Se o risco de que o perigo se materialice, de acordo co perfil de riscos climático, é baixo, asígnase o valor 0,5.
- Se o risco de que o perigo se materialice, de acordo co perfil de riscos climático, é moderado, asígnase o valor 0,9.
- Se o risco de que o perigo se materialice, de acordo co perfil de riscos climático, é alto, asígnase o valor 1.

Probabilidade de que o risco se materialice segundo o perfil climático proporcionado pola Oficina técnica do Pacto das Alcaldías	Valor de impacto asignado para a elaboración da matriz de impactos
Baixo	0,5
Moderado	0,9
Alto	1

Táboa 26 Equivalencia entre os niveis de risco indicados no perfil climático elaborado pola Oficina Técnica do Pacto das Alcaldías e o valor de impacto empregado neste estudo

A matriz de probabilidades constrúese asignando a cada perigo climático o valor que corresponda en función do perfil climático do Concello (Táboa 12) e as equivalencias indicadas na Táboa 26.

6.8.1.3 Riscos do cambio climático no Concello de Negreira

Unha vez determinada a probabilidade de que cada perigo climático se materialice e o impacto que este tería para cada un dos sectores considerados no estudo, calcúlase o risco multiplicando a probabilidade polo impacto:

$$\text{Risco} = \text{probabilidade} \times \text{impacto}$$

Nas tres táboas que seguen preséntase a matriz de impactos (Táboa 27), matriz de probabilidades (Táboa 28) e matriz de riscos (Táboa 29) elaboradas para o Concello de Negreira a partir dos datos dos indicadores definidos anteriormente:

	Edificiacións	Transporte	Industria	Energía	Auga	Residuos	Urbanismo e planificación	Agricultura e silvicultura	Medioambiente e biodiversidade	Saúde	Protección civil e emerxencias	Turismo
Calor extremo	2	1	3	1	5	4	2	5	3	3	3	5
Frío extremo	2	1	3	1	5	4	2	5	3	3	3	3
Precipitación extrema	3	5	5	5	5	4	2	5	3	4	5	1
Inundacións	5	5	5	3	4	3	5	5	5	1	5	1
Secas	1	1	1	1	1	2	3	5	3	3	2	2
Incendios forestais	5	5	5	5	3	3	5	5	4	3	5	5

Táboa 27 Matriz de impactos

	Edificiacións	Transporte	Industria	Energía	Auga	Residuos	Urbanismo e planificación	Agricultura e silvicultura	Medioambiente e biodiversidade	Saúde	Protección civil e emerxencias	Turismo
Calor extremo	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5
Frío extremo	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5
Precipitación extrema	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9
Inundacións	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9
Secas	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9
Incendios forestais	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1

Táboa 28 Matriz de probabilidades

	Edificiacións	Transporte	Industria	Energía	Auga	Residuos	Urbanismo e planificación	Agricultura e silvicultura	Medioambiente e biodiversidade	Saúde	Protección civil e emerxencias	Turismo
Calor extremo	1	0,5	1,5	0,5	2,5	2	1	2,5	1,5	1,5	1,5	2,5
Frío extremo	1	0,5	1,5	0,5	2,5	2	1	2,5	1,5	1,5	1,5	1,5
Precipitación extrema	2,7	4,5	4,5	4,5	4,5	3,6	1,8	4,5	2,7	3,6	4,5	0,9
Inundacións	4,5	4,5	4,5	2,7	3,6	2,7	4,5	4,5	4,5	0,9	4,5	0,9
Secas	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	1,8	2,7	4,5	2,7	2,7	1,8	1,8
Incendios forestais	5	5	5	5	3	3	5	5	4	3	5	5
TOTAL	15,1	15,9	17,9	14,1	17	15,1	16	23,5	16,9	13,2	18,8	12,6

Táboa 29 Matriz de riscos

Os valores de impacto de cada perigo climático sobre os sectores de actividade de servizos do Concello de Negreira analizados indican que o sector que rexistra un maior nivel de risco é o da agricultura e silvicultura, seguido do de protección civil e emerxencias.

O feito de que o sector de agricultura e silvicultura rexistre o maior risco débese ao elevado peso deste sector sobre a economía do Concello e á alta probabilidade de que os perigos ambientais “secas” e “incendios forestais”, cun elevado impacto para este sector, se intensifiquen nos anos vindeiros.

No que respecta ao sector de protección civil e emerxencias, o elevado risco asociado a este sector débese ao aumento das incidencias en estradas e vivendas derivadas dos perigos climáticos, tales como frío e precipitacións extremas. Este aumento resultará así mesmo nun incremento do número de emerxencias que deberán ser atendidas polo servizo de protección civil e emerxencias. Por este motivo, o reforzo deste servizo por parte do Concello así como a elaboración de plans que reduzan o número de posibles emerxencias, tales como os Plan de incendios, atópanse entre as posibles medidas de adaptación a implantar para reducir os riscos asociados ao cambio climático.

6.8.1.4 Vulnerabilidades

Unha vez determinados os sectores de actividade e de servizos que teñen asociado un maior risco no Concello de Negreira, procédese a determinar os sectores máis vulnerables. Para tal fin, téñense en conta as medidas que o Concello de Negreira xa está poñendo en marcha de cara a reducir o risco dos perigos climáticos en todo o seu termo municipal. Así por exemplo, as rozas que se executan para reducir a cantidade de material combustible nas proximidades das vivendas están axudando a reducir o risco do perigo de incendio.

Para dar conta das medidas implantadas que axudan a reducir a vulnerabilidade do Concello fronte ao perigo climático, emprégase un factor de minoración do risco.

Vulnerabilidade = risco - adaptación

Este factor de minoración establécese en “-1 punto de impacto” ou “-0,5 puntos de impacto”, e aplícase naqueles casos nos que o risco asociado sexa superior a 2 puntos.

Na táboa seguinte recóllense os indicadores empregados para determinar a aplicación do factor de minoración:

Indicador	Posibles valores do indicador e puntos que minora	Valor do indicador no Concello	Perigo climático e sector cuxo risco se minora
Conta o Concello cun Plan de defensa contra incendios forestais?	Si → -1 punto Non → 0 puntos	Si	Incendios forestais (todos sectores)

Indicador	Posibles valores do indicador e puntos que minora	Valor do indicador no Concello	Perigo climático e sector cuxo risco se minora
O persoal do Concello realiza rozas para limpeza de franxas forestais?	Si → -0,5 puntos Non → 0 puntos	Si	Incendios forestais (todos sectores)
Dispón o Concello de vehículos para a eliminación de obstáculos das estradas?	Si → -0,5 puntos Non → 0 puntos	Non	Precipitación extrema (todos sectores) Inundacións (todos sectores)
Dispón o Concello de efectivos e vehículos de protección civil no Concello?	Si → -0,5 puntos Non → 0 puntos	Si	Protección civil e emerxencias (todos perigos)
Dispón o Concello dalgún plan contra a seca?	Si → -1 punto Non → 0 puntos	Non	-
Dispón o Concello dalgún plan de inundacións?	Si → -1 punto Non → 0 puntos	Non	-
Dispón o Concello dalgún sistema de aliviadoiros na rede de saneamento?	Si → -0,5 puntos Non → 0 puntos	Si	Inundación (residuos)
Todas as parroquias do Concello teñen acceso a internet ou rede móbil?	Si → -0,5 puntos Non → 0 puntos	Non	Protección civil e emerxencias (todos perigos)
O Concello dispón dun servizo de asistencia social a domicilio e conta cun centro de saúde?	Si → -0,5 puntos Non → 0 puntos	Si	Sector da saúde (todos perigos)

Táboa 30 Indicadores de adaptación

En base aos datos recollidos na táboa anterior elabórase a matriz de adaptación (Táboa 31) que se presenta na páxina seguinte, en formato de táboa. Restando os valores da matriz de impacto menos os da matriz de adaptación, obtense a matriz de vulnerabilidades para o Concello de Negreira, que se presenta tamén na páxina que segue en formato táboa.

Así, matriz de vulnerabilidades (Táboa 32) permite identificar os sectores máis vulnerables fronte ao cambio climático no Concello de Negreira. Dita identificación é o primeiro paso de cara á adopción das medidas de adaptación que permitan reducir os impactos do cambio climático no Concello.

	Edificacións	Transporte	Industria	Energía	Auga	Residuos	Urbanismo e planificación	Agricultura e silvicultura	Medioambiente e biodiversidade	Saúde	Protección civil e emerxencias	Turismo
Calor extremo	0	0	0	0	0	0	0	0	0	-0,5	-0,5	0
Frío extremo	0	0	0	0	0	0	0	0	0	-0,5	-0,5	0
Precipitación extrema	0	0	0	0	0	0	0	0	0	-0,5	-0,5	0
Inundacións	0	0	0	0	0	-0,5	0	0	0	-0,5	-0,5	0
Secas	0	0	0	0	0	0	0	0	0	-0,5	-0,5	0
Incendios forestais	-1,5	-1,5	-1,5	-1,5	-1,5	-1,5	-1,5	-1,5	-1,5	-2	-2	-1,5

Táboa 31 Matriz de adaptación

	Edificacións	Transporte	Industria	Energía	Auga	Residuos	Urbanismo e planificación	Agricultura e silvicultura	Medioambiente e biodiversidade	Saúde	Protección civil e emerxencias	Turismo
Calor extremo	1	0,5	1,5	0,5	2,5	2	1	2,5	1,5	1,5	1,5	2,5
Frío extremo	1	0,5	1,5	0,5	2,5	2	1	2,5	1,5	1,5	1,5	1,5
Precipitación extrema	2,7	4,5	4,5	4,5	4,5	3,6	1,8	4,5	2,7	3,1	4	0,9
Inundacións	4,5	4,5	4,5	2,7	3,6	2,2	4,5	4,5	4,5	0,9	4	0,9
Secas	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9	1,8	2,7	4,5	2,7	2,2	1,8	1,8
Incendios forestais	3,5	3,5	3,5	3,5	1,5	1,5	3,5	3,5	2,5	1	3	3,5
TOTAL	13,6	14,4	16,4	12,6	15,5	13,1	14,5	22	15,4	10,2	15,8	11,1

Táboa 32 Matriz de vulnerabilidades

Os resultados da análise da vulnerabilidades mostran que, a primeira posición dos sectores máis vulnerables coincide coa dos sectores cun maior risco asociados: o sector da agricultura e da silvicultura.

6.8.2 Análise dos riscos para os sectores de poboación do Concello de Negreira

Os perigos climáticos terán tamén consecuencias para a saúde e o benestar da poboación. Posto que as consecuencias do cambio climático se farán notar a nivel de todo o Concello, agárdase que toda a poboación se vexa afectada, en maior ou menor medida.

Porén, as características intrínsecas a certos colectivos convértenos en máis vulnerables fronte a determinados perigos climáticos. Esta maior vulnerabilidade require que sexan tidos en conta á hora de establecer medidas de adaptación ao cambio climático ou de determinar as áreas do Concello que resultan prioritarias para a aplicación destas medidas.

Co fin de dotar ao Concello de Negreira de ferramentas que permitan orientar a toma de decisións en materia de cambio climático, elaborouse a seguinte matriz de riscos á poboación. Nela identifícanse os colectivos máis vulnerables fronte a cada un dos perigos climáticos estudados:

	Mulleres	Infancia	Xuventude	Vellez	Risco de exclusión	Diversidade funcional	Enfermidades crónicas	Baixa renda	En desemprego	Inmigrantes
Calor extremo	x	x		x	x	x	x	x		
Frío extremo				x	x	x	x	x		
Subida do nivel do				x	x	x	x	x		
Inundacións				x	x	x		x		
Secas				x	x		x	x		
Incendios forestais				x	x		x	x		

Táboa 33 Matriz de riscos para a poboación

Cabe destacar que en cada columna da matriz só se avalía a correspondente característica Así por exemplo, na primeira columna unicamente se avalían as consecuencias que o cambio climático pode ter para a poboación feminina, só polo feito de ser muller, sen ter en conta que estas poidan presentar tamén calquera das características avaliadas nas restantes columnas.

Isto explica que os colectivos “en desemprego” e “inmigrantes” non se identifiquen como vulnerables ao considerarse que ámbolos dous quedan integrados no estudo da condición “baixa renda”.

No que respecta ás mulleres, estas veranse afectadas pola calor extrema debido, por exemplo, á súa maior temperatura corporal ou a escaseza de servizos públicos que poder empregar no caso de días de vagas de calor.

Nunha situación semellante se atopará a infancia, especialmente os nenos e nenas de menor idade, cun sistema respiratorio e inmunolóxico menos preparado para resistir temperaturas extremas. No lado contrario atópase a xuventude, cunha maior capacidade de adaptación e, polo tanto, capaz de soportar os diferentes riscos derivados do cambio climático.

No caso da vellez, exceptuando a subida do nivel do mar, considérase que son un dos colectivos máis vulnerables fronte ao cambio climático, debido aos problemas de mobilidade e respiratorios que adoitan ter unha maior incidencia sobre este sector da poboación.

No que respecta ás persoas con diversidade funcional, considérase que estas serán especialmente vulnerables fronte a episodios de calor, frío e precipitación extrema así como fronte ás inundacións e subida do nivel do mar. Unha das principais razóns do impacto destes perigos climáticos sobre este sector da poboación son as restricións de mobilidade que presentan moitas das persoas con diversidade funcional e a necesidade de acudir a certas terapias, movemento que se pode ver limitado no caso de temperaturas e precipitacións extremas.

No caso das persoas con enfermidades crónicas, tamén a precipitación e temperaturas extremas afectarán ás súas rutinas diarias, especialmente no caso de enfermidades respiratorias, ao incidir sobre o nivel de humidade do aire e dificultando que estas persoas poidan saír ao exterior da vivenda. Así mesmo, tamén as secas, que poden reducir a dispoñibilidade de auga, e os incendios forestais, que aumentarán o nivel de partículas no aire, terán especial incidencia sobre este sector da poboación.

Por último, a menor facilidade de acceso á vivenda ou a posibilidade de realizar reformas nas mesmas para mellorar o seu illamento farán que as persoas en risco de exclusión social e de baixa renda sexan máis vulnerables fronte aos perigos derivados do cambio climático.

6.9 Principais conclusións da análise de risco no Concello de Negreira

De seguido preséntanse as conclusións extraídas da análise das dúas matrices de risco elaboradas, a referente aos sectores de actividade e servizos do Concello de Negreira e a referente aos sectores de poboación:

- Os riscos climáticos avaliados foron: calor extremo, frío extremo, precipitación extrema, inundacións, secas e incendios forestais.
- Actualmente, o risco de que o Concello de Negreira sufra calor e frío extremo é baixo.
- Actualmente, o risco de que o Concello de Negreira sufra incendios forestais é alto.
- Actualmente, o risco de que o Concello de Negreira sufra precipitacións extremas, secas e inundacións é moderado.
- Todos os perigos ambientais que se veñen de citar tenderán a aumentar en incidencia e frecuencia a curto prazo.
- Os sectores de actividade e servizos que levan un maior risco asociado son: o da agricultura e silvicultura e o de protección civil e emerxencias.
- O sector de actividade e servizos máis vulnerable fronte ao cambio climático no Concello de Negreira é o de agricultura e silvicultura.

- Os sectores de poboación para os que o cambio climático representa un maior risco no Concello de Negreira son: vellez, risco de exclusión social e baixa renda.
- As medidas de adaptación fronte ao cambio climático deben ir encamiñadas a reducir a vulnerabilidade destes sectores fronte ao cambio climático, mellorando a súa resiliencia.

7 MEDIDAS DE ADAPTACIÓN

O Concello de Negreira, cree convinte preparar un escenario de adaptación ante o cambio climático, por iso creen relevante abordar medidas de adaptación que permitan aumentar a resiliencia do Concello.

Se ben, o calendario do Pacto das Alcaldías establece que as medidas de adaptación deben definirse na seguinte actualización do PACES, no período de dous anos, no presente documento adiántanse xa unha serie de liñas estratéxicas. Ditas liñas inclúense dado o manifesto interese do Concello de Negreira por comezar a planificar e desenvolver actuacións que reduzan a súa vulnerabilidade fronte aos perigos climáticos:

ACTUACIÓNS PACES CONCELLO DE NEGREIRA		Referencia: AAP1
Tipo de Medida: Adaptación e mitigación		
Medida: Aumento das zonas e sendas verdes		
Adaptación fronte a: Calor extremo		
Obxectivo:		
Aumentar a superficie e lonxitudes das zonas e sendas verdes no termo municipal		
Xa se fixo		
O aumento da superficie de zonas verdes e da lonxitude de sendas verdes peonís non só favorece os desprazamentos a pé polo termo municipal (reducindo as emisións de gases de efecto invernadoiro) senón que tamén é unha medida eficaz para reducir o impacto das vagas de calor. Dita eficacia débese á capacidade das áreas verdes para manter unha elevada humidade relativa do aire, reducindo a temperatura do mesmo, e para proporcionar zonas de sombra.		
Avanida das Brañas, ruta dos tres pazos (sendas que xa se fixeron)		
Responsabilidades:		
Axentes Implicados: Concello		Responsables: Concello
Calendario:		
Data de inicio: 2019 Data de finalización: 2030		Periodicidade: puntual
Grao de Implantación: En execución		
Custes:		
Custe (€): non cuantificado Financiamento: a determinar		

ACTUACIÓN PACES CONCELLO DE NEGREIRA		Referencia: AAP2
Tipo de Medida: Adaptación e mitigación		
Medida: Mellora da rede de abastecemento de auga		
Adaptación fronte a: Calor extremo e secas		
Obxectivo: Aumentar o número de vivendas con acceso á traída de auga municipal e reducir as perdas de augas nas canalizacións.		
<p>As proxección climáticas mostran un aumento das secas e das vagas de calor nos vindeiros anos. Posto que estes perigos climáticos poden comprometer a subministración de auga aos núcleos de poboación, o Concello de Negreira porá en marcha medidas encamiñadas a mellorar a actual xestión de auga.</p> <p>De forma máis concreta, dita mellora materializarase nun incremento da poboación que ten acceso á rede de abastecemento de titularidade municipal.</p> <p>Así mesmo, en cumprimento coa Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario. O Concello de Negreira realizará auditorías da súa rede de abastecemento co fin de identificar e reducir as perdas de auga ao longo de toda a instalación..</p>		
Responsabilidades:		
Axentes Implicados: Concello		Responsables: Concello
Calendario:		
Data de inicio: 2022		Data de finalización: 2030
Periodicidade: puntual		
Grao de Implantación: en ideación		
Custes:		
Custe (€): non cuantificado		Financiamento: a determinar

ACTUACIÓN PACES CONCELLO DE NEGREIRA		Referencia: AAP3
Tipo de Medida: Adaptación		
Medida: Promoción da reducción do consumo de auga potable		
Adaptación fronte a: Calor extremo e secas		
Obxectivo: Reducir o consumo de auga potable por parte dos grandes consumidores deste recurso.		
<p>En liña coa medida anterior, o Concello de Negreira deseñará e porá en marcha medidas específicas para os grandes consumidores de auga potable do Concello. Estas medidas irán encamiñadas a reducir o consumo deste recurso, cuxa subministración pode verse comprometida no período estival, como consecuencia das secas e das vagas de calor extremo.</p> <p>Entre as medidas concretas que o Concello porá en marcha atópase a tipificación e aplicación de penalizacións para aqueles particulares, establecementos ou empresas que consuman grandes cantidades de auga.</p>		
Responsabilidades:		
Axentes Implicados: Concello	Responsables: Concello	
Calendario:		
Data de inicio: 2022	Data de finalización: 2030	Periodicidade: puntual
Grao de Implantación: en ideación		
Custes:		
Custe (€): non cuantificado Financiamento: a determinar		

ACTUACIÓN PACES CONCELLO DE NEGREIRA		Referencia: AAP4
Tipo de Medida: Adaptación		
Medida: Limpeza de faixas		
Adaptación fronte a: Incendios forestais		
Obxectivo: Reducir a cantidade de material combustible nas inmediacións das vivendas.		
Descrición da medida: Entre as tarefas contempladas para a prevención de incendios forestais atópase a eliminación de material vexetal combustible nas proximidades das vivendas. Dita eliminación é, ademais, unha obriga legal, segundo o recollido na Lei de prevención de incendios (Lei 3/2007). Esta Lei, no seu Artigo 21, recolle a obriga para todas as persoas propietarias de terreos en solo urbano, urbanizable e núcleo rural, de manter ditos terreos nun axeitado estado de limpeza e coa masa vexetal rozada antes do 31 de maio de cada ano. Así mesmo, as parcelas que se atopen dentro dunha franxa perimetral de 50 metros ao solo urbano, urbanizado delimitado e de núcleo rural, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanización situadas a menos de 400 metros do mundo, deberán estar tamén limpas. Por outra banda, a Lei tamén indica que no interior do núcleo de poboación e na totalidade da franxa de protección de 50 metros, non poderán estar presentes exemplares de piñeiro, acacia, eucaliptos ou toxos. Así pois, o cumprimento destas obrigas nas parcelas de titularidade municipal, será unha medida efectiva de adaptación fronte ao cambio climático, ao axudar a reducir o risco de incendios, risco que tenderá a incrementarse nos anos vindeiros como consecuencia do cambio climático.		
Responsabilidades:		
Axentes Implicados: Concello		Responsables: Concello
Calendario:		
Data de inicio: 2020		Data de finalización: 2030
Periodicidade: continua		
Grao de Implantación: En execución		
Custes:		
Custe (€): non cuantificado		Financiamento: a determinar

ACTUACIÓN PACE CONCELLO DE NEGREIRA	Referencia: AAP5
Tipo de Medida: Adaptación e mitigación	
Medida: Mellora das envolventes, cubertas e peches dos edificios municipais	
Adaptación fronte a: Calor e frío extremos	
Obxectivo: Mellorar o illamento dos edificios municipais	
Descrición da medida: <p>Posto que as proxeccións climáticas mostran unha maior incidencia e frecuencia das vagas de calor e de frío nos anos vindeiros, a mellora do illamento dos edificios municipais permitirá reducir a vulnerabilidade do Concello de Negreira fronte a estes perigos climáticos.</p> <p>Así mesmo, esta medida de adaptación redundará tamén nunha redución das emisións de gases de efecto invernadoiro xa que un mellor illamento, permitirá manter un bo nivel de confort no interior das edificacións sen necesidade de sistemas de calefacción e/ou aire acondicionado.</p>	
Responsabilidades: Axentes Implicados: Concello Responsables: Concello	
Calendario: Data de inicio: 2019 Data de finalización: 2030 Periodicidade: revisión periódica	
Grao de Implantación: en execución	
Custes: Custe (€): non cuantificado Financiamento: a determinar	

Na seguinte táboa recóllense as medidas de adaptación anteriores a desenvolver no o Concello de Negreira co fin de reducir a súa vulnerabilidade fronte ao cambio climático.

Nome da medida	Referencia	Tipo de Medida	Perigo climático ao que se refiere	Ano de inicio	Ano de finalización
Aumento das zonas e sendas verdes	AAP1	Adaptación e mitigación	Calor extremo	2022	2030
Mellora da rede de abastecemento de auga	APP2	Adaptación e mitigación	Secas, calor extremo	2022	2030
Promoción da redución do consumo de auga potable	APP3	Adaptación	Secas, calor extremo	2022	2030
Limpeza de faixas (seguimento do plan de incendios)	APP4	Adaptación	Incendios forestais	2022	2030
Mellora das envolventes, cubertas e peches dos edificios municipais	APP5	Adaptación e mitigación	Calor e frío extremos	2022	2030

Táboa 34 Resumos das medidas de adaptación

ANEXOS


ANEXO 1: Respostas da enquisa cidadá

O número total de persoas que responderon á enquisa dirixida á cidadanía do Concello de Negreira foi de cincuenta e sete (57).


De seguido, preséntase a totalidade das respostas obtidas para cada unas das preguntas formuladas na devandita enquisa. Nótese que nalgunhas preguntas o número de respostas é superior a cincuenta e sete. Isto débese á posibilidade de marcar varias opcións para unha mesma resposta. Neste caso, cada opción marcada contabilízase como unha resposta.

BLOQUE 1: SITUACIÓN CLIMÁTICA DO CONCELLO


Cales dos seguintes cambios no clima considera que pode afectar máis á súa vida cotiá?




Dos casos anteriores, cal lle preocupa máis?




Preocúpalle as posibles consecuencias que o cambio climático poida ter sobre a economía do Concello?




Lembra algunha época de seca, inundación ou grandes lumes forestais nos últimos anos?



Ten a percepción de que as situacións anteriores (secas, inundacións ou lumes forestais) son cada vez máis habituais?




Considera que o Concello está adaptado para facer fronte a vagas de calor ou frío, choivas extremas, inundacións, secas ou vagas de lumes?




BLOQUE 2: MEDIDAS DE MITIGACIÓN A TOMAR POLO CONCELLO


Está de acordo en dedicar unha parte do orzamento do Concello para executar medidas de mitigación contra o cambio climático?



Estaría de acordo coa redución da velocidade de circulación dos vehículos nos núcleos máis poboados do concello co fin de reducir as emisións de gases contaminantes?




Se o Concello desenvolvese actuacións encamiñadas a reducir o impacto ambiental de todo o municipio, en cales lle resultaría de interese participar?




Qué medidas lle gustaría que adoptase o Concello para mitigar o cambio climático?



Cales das seguintes medidas considera máis axeitada para reducir o uso do coche?




Valora positivamente que o Concello este a elaborar un Plan co fin de loitar contra o cambio climático e reducir os posibles efectos negativos do mesmo sobre a poboación?




BLOQUE 3: MEDIDAS DE MITIGACIÓN A TOMAR POR VOSTEDE


Na súa vivenda, ten previsto acometer algunha actuación para reducir o gasto enerxético?




Indique o tipo de actuación




Contrataría enerxía procedente de fontes renovables (a chamada enerxía verde) aínda que o prezo a pagar pola mesma fose maior (aproximadamente, un 15% máis)?



No caso anterior, creería de interese que o Concello puxese en marcha un bono para axudar a certos colectivos? (persoas en risco de exclusión social, baixas rentas, etc.)



Se tivera que renovar o seu vehículo, consideraría a opción de optar por un eléctrico?



Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible

Concello de Negreira



Elaborado por:

INOVA

